

P.X.A

CURSO 2023-2024

CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

Código Centro: 15012717

**ÍNDICE:**

Datos Xerais do Centro.....	3
Organización do persoal.....	4
Obxectivos xerais.....	7
Organización do Centro.....	9
Consello escolar.....	10
Plan actuación.....	11
Adscrición.....	12
Calendario escolar e horarios.....	15
Horario profesorado.....	15
Servizos complementarios.....	16
Comedor escolar .....	18
Libros de texto .....	21
Plan autoprotección do centro.....	22
Plan emprego instalacións do centro .....	26
Actividades complementarias/extraescolares.....	26
Proxecto Ríos, Voz natura .....	29
Plan de avaliación do centro .....	30
Plan anual de formación .....	30
Actividades complementarias – extraescolares .....	31
Dinamización da lingua .....	49
Actividades anpa .....	56
Programacións anuais, proxectos,.....anexo.....	PROENS

**Anexos:**

Libros texto curso 23-24  
Horario docentes  
Plan de convivencia  
TICs

## **1.- DATOS XERAIS DO CENTRO**

### **CEIP ROSALÍA DE CASTRO**

R/Santiaguiño s/n

PADRÓN

C.P. 15900

TLF: 881866253

CIF: Q 6555090 G

[www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliapadron/](http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosaliapadron/)

e-mail: [ceip.rosalia.padron@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.padron@edu.xunta.es)

## **2.- SITUACIÓN E ESPAZOS**

O CEIP Rosalía de Castro atópase no concello de Padrón-A Coruña. O centro foi construído por primeira vez no ano 1974. A partires do ano 2000 as deficiencias comencan a evidenciar problemas graves, polo que a Administración decide edificar un novo edificio, inaugurándose este, que é o actual, no 2004.

O Concello de Padrón, cunha extensión de 48,46 Km<sup>2</sup>, sitúase na comarca do Sar, constituído ademais polos concellos limítrofes de Dodro e Rois. Padrón situase nun lugar estratéxico en canto cercanía á capital galega, uns 20 km, a costa 18 km, así como a outras importantes cidades e lugares. Está no límite de provincia, con Pontevedra, actuando o río Ulla de fronteira natural.

O censo de habitantes ronda os 9000 habitantes.

Este concello está integrado por cinco parroquias: S Pedro de Carcacia; Sta M<sup>a</sup> de Herbón; Sta M<sup>a</sup> de Cruces; Sta M<sup>a</sup> Iria Flavia e Santiago de Padrón.

A área de influencia, zona adscrita, ao centro corresponde as parroquia de Sta M<sup>a</sup> de Cruces, a maior parte de Sta M<sup>a</sup> de Iria Flavia e Santiago de Padrón.

O concello padronés é un importante motor económico da comarca, destacando sectores como a industria, sobre todo relacionada co “aluminio” e “madeira”.

Por outro lado o sector servizos tamén é destacado, seguido da construción, aínda que na actualidade está sufrindo un forte estancamento. Tamén é de destacar a agricultura.

No tocante ao nivel socioeconómico e sociocultural indicar que é medio-baixo.

En referencia ao CEIP Rosalía indicar que está catalogado para 15 unidades, 3 de E. infantil e 12 de E. primaria. No actual curso, debido a un desdoblamento en 6º curso de E. infantil, contaremos con catro aulas de E. infantil. Isto causa que o número de unidades ascende a 16.

Na actualidade obsérvase como presenta varias deficiencias, sobre todo as referidas a espazo físico. A maioría das aulas e/ou espazos pedagóxicos son pequenos, non sempre permitindo o uso por parte de todo o alumnado.

A aireación do centro é defectuosa, ao non contar con axeitadas xanelas que permitan unha boa ventilación. Os espazos de xogo, sobre todo en días de choiva, non son operativos, polo que o alumnado non sempre pode empregar os espazos de lecer.

## P.X.A – CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

Por isto entendemos deberíanse abordar unha serie de melloras, solicitadas no seu momento, que faciliten o acceso ao proceso de ensino-aprendizaxe.

O centro está dividido en dous andares. No inferior atopamos: servizos administrativos, sala de docentes, aula polivalente-audiovisuais, dúas titorías e as aulas de E. infantil. Do mesmo xeito atópase o servizo de comedor e pavillón deportivo.

No andar superior sitúanse a maioría das titorías, Xefatura do D de orientación, aulas de apoio/reforzo de PT e AL, aula de idiomas, biblioteca e aula de música.

Os postos catalogados de profesorado 25. Este curso, de maneira extraordinaria, 28. Conserxe que pertence ao Concello e 4 cociñeiras son o persoal que de maneira máis directa atende a uns 240 alumnos/as no actual curso 23-24

### **3.- ORGANIZACIÓN DO PERSOAL**

No centro educativo traballan en estreita relación tanto persoal docente como non docente.

#### **3.1.- Persoal docente**

O cadro funcional do profesorado é o seguinte:

#### **COMPOSICIÓN FUNCIONAL CURSO 2023-2024**

	<b>CATALOGADOS</b>	<b>FUNCIONANDO</b>
ED. ESP.- P.T.	1	1
ED.ESP.- A.L.	1	2
ORIENTACIÓN	1	1
ED. INFANTIL	4	5
PRIMARIA:Xeneralistas	11	12
"    Ed. Física	2	2
"    L. Inglesa	2	3
"    L. Francesa	1	0
"    Música	1	1
Relixión	1	1
<b>Total docentes</b>	<b>25</b>	<b>28</b>

#### **3.2.- Persoal non docente**

En canto ao persoal non docente, indicar que existe un conserxe que foi nomeado polo Concello como responsable das instalacións do Centro. Desenrola as funcións propias do seu traballo. É o encargado de abrir e pecha-lo colexio e de velar pola conservación e reparación ...das instalacións. Tamén é o encargado de controla-las entradas e saídas de todo o persoal, pertenza ou non á Comunidade Educativa.

Así mesmo está á disposición do claustro para realizar funcións e tarefas relacionadas co Centro.

Con respecto as “cociñeiras”, indicar que por catalogación corresponden dúas, as cales teñen a función básica de elaborar o xantar diario para os 298 comensais que diariamente poderían empregar o servizo de comedor. De igual maneira corresponden dúas auxiliares de cociña, coas tarefas de colaboración e limpeza, pois unha vez rematado o servizo de comedor, recollen e acondicionan o espazo para a xornada seguinte.

En canto as limpadoras, tres, teñen a función de manter en óptimas condicións de hixiene ao centro. Estas corresponden ao concello de Padrón

Total persoal non docente: 5, directamente correspondentes ao centro.

### **3.3. –Organización do alumnado**

#### **- Alumnado matriculado no colexio: .**

- 4º E Infantil A: 11
- 5º E. Infantil: 21
- 6º A E infantil: 15
- 6º B E. infantil: 14
- 1 A .....15.....1 B ..... 14
- 2 A .....21.....2 B ..... 21
- 3 A .....20..... 3 B ..... 21
- 4 A ....20..... 4B ..... 20
- 5 A ....16 ..... 5 B..... 17
- 6 A .... 17..... 6 B ..... 18

Total alumnado (provisional, na data de redación do presente `documento` debido a posibles matriculas/baixas) 282

#### *\*Control de asistencia do alumnado*

Cada titor/a deberá levar un control das faltas do alumnado. Para isto dispoñen dunha folla de control por meses. O alumnado deberá xustificar as ausencias. No suposto de varias ausencias, sen xustificar, poderase comezar co procedemento de “absentismo”.

Cando un pai/nai/titor legal ou quen corresponda, recolla a un alumno/a no horario escolar deberá deixar constancia por escrito na conserxería, detallando a persoa que o retira, data e hora. De igual xeito si un/unha alumn@ chega tarde, deberá “facér constar” a tardanza, así como telas en conta cando sexa reiteradas.

Cando un alumno/a chegue de forma reiterada ao colexio, de xeito inxustifico, o titor/a poderá solicitar que o menor se incorpore no comezo da sesión que comeze de seguido, debendo agardar o alumno/a no corredor principal baixo supervisión dalgún docente.

*\*Disciplina no alumnado*

Neste aspecto pretendemos actuar de modo preventivo, de ahí a importancia da acción titorial e das familias.

Os valores que cremos prioritarios traballar son: convivencia, respecto e igualdade, tolerancia, responsabilidade, cooperación, solidariedade, comunicación e diálogo. Pretendemos incidir no tema da convivencia.

No tema das sancións, o profesorado debe facer valer o principio da autoridade de forma que o ambiente de traballo sexa satisfactorio e aplicar, se é necesario, o Plan de convivencia e NOFC.

Cando un alumno/a acumule varias faltas de disciplina, o titor/a deberá convocar unha reunión para estudar o problema e adoptar as medidas oportunas.

Os proxenitores do alumno/a, ou titor legal correspondente, deberá ser comunicado a falta de “orde”, “respecto”, mal comportamento, etc.. do seu fillo/a. Para isto deberá quedar constancia por escrito que o pais/nai/titor legal recibe o comunicado. No suposto de negarse a asinar esta comunicación, e despois de varios avisos, poderase adoptar medidas disciplinarias como expulsión do centro acorde a normativa vixente.

### **3.4.-Pais/nais/ titores legais**

Dende o centro procurarase unha comunicación fluída coas familias, entendendo que esta é fundamental nun axeitado proceso de ensino-aprendizaxe. Tratarase de facer entender da necesidade de apoio por parte das familias para que o alumnado acuda nas mellores condicións á escola.

Tamén entendemos necesario que dende o fogar se colabore coa tarefa educativa apoiando valores que socialmente aumentan a integración das persoas no entorno.

Entre as **normas xerais** que os pais/nais/titores legais (familiares) deben respetar sinalamos as seguintes:

*1.- Todo o profesorado terá horario para atender as/aos nais/pais/titores legais. Por favor ciñase a este horario. Deberá concertar cita previa para falar cun/ha docente, sobre todo para evitar perdas innecesarias de tempo.*

*2.- Todos os accesos ao recinto escolar permanecerán pechados unha vez entre o alumnado (a partires das 09:40). Si vostede desexa acceder ao centro debrá avisar mediante o timbre que se atopa no portalón de entrada dos coches (pola porta principal de “arriba”)*

*3.- Para recoller a un/unha alumno/a dentro do horario escolar, a persoa que o recolla deberá:*

*a.- Estar debidamente identificada, xa que únicamente se deixará saír ao alumnado con persoas que previamente sexan autorizadas polos pais/nais/titores legais. Para isto deberase cubrir e entregar o documento adxunto*

*b.- Para recoller a un/unha alumno/a en horario escolar, deberase deixar constanza por escrito, en conserxería*

*c.- O neno/a deberá saír da aula cando o conserxe, ou docente, o vaia a buscar. Nunca ir o familiar a aula a recollelo*

## P.X.A – CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

4.- *Os familiares que deixen e/ou recollan persoalmente ao alumnado de Educación primaria, ao comezar e rematar a xornada académica, deberá agardar FORA do recinto escolar. Non se deberá acceder ao centro para esta finalidade.*

5.- *Todo o alumnado que teña adscrito un determinado “bus escolar”, deberá vir e ir nese autobús. Isto implica que*

a.- *Nas paradas únicamente se recollerán ao alumnado que lle corresponda esa parada.*

b.- *Na saída o neno/a subirá no bus que lle corresponda, non permitíndose cambios de índole persoal, xa que as prazas de autobús están previamente adxudicadas.*

c.- *Se un familiar desexa recoller ao seu fillo/a á saída, deberá comunicalo tanto no centro como ao persoal do transporte*

6.- *Cando un neno/a chegue tarde ao colexio:*

a.- *Deberá vir acompañado dun adulto ata dentro do colexio*

b.- *Deberá deixar constanza por escrito o motivo da tardanza, comunicándollo ben ao equipo directivo e/ou ao titor/a*

c.- *Se un/una alumno/a non vai asistir ao colexio durante un o máis días, deberá comunicalo. Lémbrese que máis do 10% de faltas sen xustificación, poderase considerar absentismo.*

7.- *Non se permitirá uso do teléfono móbil no centro, nen aparellos electrónicos de índole lúdico*

8.- *As familias deberán colaborar na procura de que o alumnado se comporte axeitadamente, manifestando condutas sociais, solidarias, respectuosas, ... tanto antes, durante como despois da xornada escolar.*

9.- *O aparcamento de coches, dentro do recinto escolar, É UNICAMENTE para persoal do centro.*

10.- *A recollida do alumnado, cando non sexa transportado en “bus escolar” deberá ser coa máxima puntualidade. Doutra maneira, en caso de reincidencia, poderíase interpretar como “abandono temporal”, debendo adoptar dende o centro as medidas correspondentes. O alumnado recollerase, cando non vaia en transporte escolar, no “portalón de saída”, diferenciando E primaria de E infantil.*

## **4.- OBXECTIVOS XERAIS**

O obxectivo xeral que se pretende dende o CEIP Rosalía é o aumento da calidade do ensino. Para que este primeiro e básico obxectivo sexa realidade, podemos dividir os obxectivos propostos para este curso 2023-2024 da seguinte maneira

### **4.1.- MATERIAIS**

Darlle continuidade ao Plan de humanización interior e exterior do Centro. Consideramos que dende a Administración se deberán afrontar unha serie de melloras que proporcionen un máis axeitado entorno educativo

### **4.2.- PEDAGÓXICOS**

Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, empregando os recursos materiais e humanos dispoñibles.

Continuar a adaptación dos espazos libres, conseguindo un mellor aproveitamento dos espazos do colexio.

Poñer en funcionamento os diferentes recursos didácticos.

Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, os distintos equipos así como unha boa relación con toda a comunidade educativa e con todas as institucións coas que nos relacionamos.

Favorecer a integración de alumnos e alumnas procedentes doutros colexios- lugares.

Atender, na medida do posíbel, ás necesidades que presenta o alumnado procedente do estranxeiro, e/ou minorías étnicas.

Mellorar a xestión da biblioteca escolar facendo fincapé na súa relación coa contorna (concello, familias...).

Continuar co traballo presente no Proxecto Lector do Centro.

Potenciar a lingua galega a través do plan elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua galega.

Mantemento e ampliación de contidos para o portal do Centro na internet.

Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ou con necesidades de reforzo educativo.

Concienciar a “comunidade educativa” da necesidade polo respecto e coidado do medioambiente.

Humanizar e proporcionar un horario máis acorde aos principios psicopedagóxicos.

#### **4.3.- MEDIDAS**

Elaboración dos distintos horarios de atención ao alumnado.

Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación. Unha vez constituídos, elaborarán e desenvolverán os plans respectivos.

Elaboración do proxecto de orzamento do Centro adoptado ás necesidades programadas.

Normalización, Biblioteca, Actividades Complementarias e Comisión de Coordinación Pedagóxicas. Ademais dos equipos encargados da elaboración dos diferentes proxectos.

Información aos pais/nais para que a súa colaboración co Centro reverta nunha mellora educativa para os seus fillos/as.

#### **4.4.- RECURSOS**

A normativa vixente en canto á organización e funcionamento do centro nos diferentes aspectos.

O PC de Infantil e Primaria elaborados dacordo á nova lexislación educativa.

Recursos existentes no centro e os que solicitemos á Consellería, ao Concello de Padrón, e ás distintas administracións.

As asignacións orzamentarias da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

O xade web.

Outros que poidan ceder ao centro

#### **4.5.- Atención educativa especialistas en AL e PT**

1.-Alumnado con necesidades educativas especiais

2.- Alumnado con ACS , e/ou incorporación tardía ao sistema educativo, e/ou entorno sociofamiliar desfavorable (con retraso curricular e informe DO)

3.- Alumnado con áreas non superadas, con desfase curricular e/ou graves dificultades de adaptación.

4.- Alumnado con dificultades continuas de aprendizaxe

5.- Alumnado con trastornos do sons da fala

6.- Alumnado que precisa maior reforzo, apoio ao apartado polo profesorado “ordinario”



#### 4.6.- INSTITUCIONAIS

Procurar colaboración, participación con tódalas Asociacións de Padrón e co Concello en tódalas actividades que organicen.

Tentar conseguir unha maior implicación das familias no proceso educativo.

Seguir utilizando a lingua galega en toda a burocracia do Centro.

Participación no Programa de gratuidade de libros de texto para todo o alumnado de de Primaria.

Manter e reforza-lo nivel de colaboración coa ANPA, con outros Centros, Concello e entidades sociais de ámbito municipal e comarcal.

Fomentar unhas boas relacións entre tódolos sectores que forman a comunidade escolar, colaborando xuntos para solucionar a problemática concreta de cada momento.

Ser receptivo á realidade circundante, tentando que o Centro sexa un fiel reflexo do momento e do lugar no que a sociedade está inmersa.

Potenciar a idea de que as ensinanzas impartidas teñan, dentro do posibel, aplicación práctica dentro da vida diaria.

### 5.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO

#### *5.1 Órganos Unipersonais*

Dirección:	Octavio Sánchez Mallo
Xefatura de Estudos:	M <sup>a</sup> Victoria González Dieguez
Secretaria:	M <sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro

#### 5. 2. ÓRGANOS COLEXIADOS

##### 5 2. 1. Claustro:

Formado por todo o profesorado do Centro.

<b>4º Educación infantil:</b>	..... Ana Caneda García
<b>5º E. Infantil:</b>	.....M <sup>a</sup> Teresa del Río romero
<b>6º A. E. infantil</b>	.....Marta Montero Fernández
<b>6º B E. infantil:</b>	..... Paula Crespo Rodríguez
<b>Apoio E. infantil:</b>	..... Mariña Sayáns Amo
<b>1 A:</b>	.....Tamara Dopazo Cajaraville
<b>1 B:</b>	.....Salomé Lorenzo Valín
<b>2 A:</b>	..... M <sup>a</sup> Elena González Conde
<b>2 B:</b>	..... Susana Castro Mouriz
<b>3 A :</b>	..... M <sup>a</sup> Soledad Iglesias Vázquez
<b>3 B :</b>	..... Patricia Lijó Simón
<b>4 A:</b>	..... M <sup>a</sup> Dolores Cuesta Seoane
<b>4 B:</b>	..... José M <sup>a</sup> Eiras Vázquez
<b>5 A:</b>	..... Enrique Fuentes Torres Fraga
<b>5 B:</b>	..... M <sup>a</sup> Isabel Blanco Quiñoy
<b>6 A:</b>	..... Marisol Casal Rodríguez
<b>6 B:</b>	..... M <sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro – Blanca Repesas
<b>Especialidade inglés:</b>	M <sup>a</sup> Fernanda Constantino; Cristina Albertelli, M <sup>a</sup> Carmen Sanles
<b>Especialidade música:</b>	Blanca Repesas
<b>Especialidade E física:</b>	Pedro Martínez, Carlos Rey

**Especialidade PT:** Almudena Ramírez Abal  
**Especialidade A.L:** Alicia Moure , Ramón Canosa  
**Especialidade Relixión:** M<sup>a</sup> Victoria González  
**Especialidade Orientación:** Octavio Sánchez

### 5. 2. 2. Consello Escolar

O Consello Escolar está formado por:

Presidencia: Octavio Sánchez Mallo

Xefatura de Estudos: M<sup>a</sup> Victoria González Dieguez

Secretaria: M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro

#### Profesorado:

Albertelli López	Cristina
Castro Mouriz	Susana
Constantino Arriaga	M <sup>a</sup> Fernanda
Ramírez Abal	Almudena
Represas Alonso	Blanca

#### Pais/nais:

-D<sup>a</sup> María Basadre Barreiro

-D Diego Uzal

- D<sup>a</sup> Eva Fabeiro Buceta e D<sup>a</sup> Vanesa Loureiro

**Persoal non docente:** - D Manuel Rivas Cristobo

**Representante do Concello :** D<sup>a</sup> Mariló Saco Vigo

**Representante da Anpa:** D José M Vázquez Montero

#### MEMBROS DA COMISIÓN ECONÓMICA

- Dirección: Octavio Sánchez Mallo

- Docente: D<sup>a</sup> Fernanda Constantino

- Pai: D Diego Uzal

-Secretaria : D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro

-Persoa encargada de impulsar medidas de igualdade: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro

Observatorio da Convivencia:

\*Director: Octavio Sánchez Mallo

\*Xefa de estudos: M<sup>a</sup> Victoria González Dieguez

\*Pai/nai: D<sup>a</sup> María Basadre

\*PAS: D Manuel Rivas Cristobo

*Convivencia: Representante pais/nais: María Basadre; representante PAS Manuel Rivas Cristobo; Representante profesorado: Almudena Susana Castro .Xefe D. Orientación: Octavio Sánchez Mallo; Persoa encargada coeducación M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro Xefa Estudios M<sup>a</sup> Victoria González Diéguez.*

Persoa encargada de impulsar medidas de igualdade: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro

A comisión do servizo de comedor escolar, estará formado polos seguintes: *Director, Secretaria, dúas docentes (Fernanda e Blanca); encargado de comedor, un pai/nai (Diego Uzal) e encargado comedor, Manolo Rivas*

### **5.3.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN**

Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión do centro realizarán as reunións pertinentes para os cumprimentos das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo.

O calendario de reunións será polo menos de tres por curso, facendo coincidir a primeira co inicio do curso e a última co remate do mesmo. Tanto o Consello Escolar como o Claustro de profesores reuniranse tantas veces como se estime oportunas.

Os Consellos Escolares celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de todos os membros, preferentemente o día seguinte da realización do Claustro. En todo caso e por motivos organizativos establécese os mércores como día de celebración destas xuntanzas.

Naqueles casos que sexa necesario, celebrarase cando mellor corresponda.

O plan de actuación do equipo directivo será lograr o maior benestar de todos os membros da comunidade educativa, atendendo na medida do posible as necesidades de cada persoa. Por outra banda, tentarase que os espazos de traballo estean o máis ordenados e acolledores posibles, para que se poida traballar a gusto.

### **6.-ADSCRICIÓN e ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO:**

En Educación Primaria contamos con 11 mestres/as, un/unha para cada grupo (máis a especialista en E.Francés que impartirá “primaria”; cinco mestras para Educación Infantil, unha delas de apoio, cun horario equitativo nos catro cursos de Educación Infantil, establecendo dúas sesións por curso, e que ademais adícase ás actividades de psicomotricidade e alternativa á relixión católica.

Contamos con tres especialistas en Linguas Estranxeiras: inglés (unha das especialistas maioritariamente debe atender as EEI do Concello de Padrón; dous especialistas de Educación Física; unha especialista en Educación Artística: música; dúas especialistas en A.L, ...unha delas

atenderá as necesidades de E infantil tanto do CEIP Rosalía Castro como das dúas EEI adscritas (Extramundi e Escravitude); e unha mestra de relixión.

O Departamento de Orientación conta con orientador, dúas especialista en Audición e Linguaxe e unha en especialista en Pedagogía Terapéutica.

O horario de Educación Infantil está dividido nas sesións de traballo que figuran na programación de aula. A flexibilidade en realización das actividades será o criterio máis importante a ter en conta.

Tamén temos en conta que as clases con especialistas estean repartidas os 5 días lectivos da semana.

O profesorado con horario dispoñible, procurarase que realice substitucións de forma equitativa.

En caso de necesidade farán gardas aqueles mestres que dentro de horario lectivo estean libres de alumnado.

O profesorado atenderá, apoiará e/ou reforzará naqueles casos de NEAE que se considere oportuno co obxectivo de mellorar a calidade de ensino-aprendizaxe, procurando un reforzo-apoio individual.

**2.- Adscricións:** Despois de proceder a analizar a orde de nomamento, acórdase proceder co nomeamento das titorías e adscricións dos diferentes grupos:

**Especialidade de idioma estranxeiro, inglés.** Esta área será compartida polas docentes Cristina Albertelli López, M<sup>a</sup> Fernanda Constantino Arriaga e M<sup>a</sup> Carmen Sanles Santos

Cristina Albertelli, impartirá idioma inglés en E infantil e cursos de 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> de E. primaria.

M<sup>a</sup> Fernanda Constantino Arriaga impartirá inglés nos cursos de 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup>, 6<sup>o</sup> de E. primaria, e coordinadora Seccións bilingües.

M<sup>a</sup> Carmen Sanles Santos atenderá as Escolas de E infantil ubicadas no Concello de Padrón (Escravidude, Retén, Extramundi e Ponte), completando horario no CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

Ademais das horas correspondentes ao idioma estranxeiro, deberán impartir outras áreas, apoios,..

**Especialidade de E. Física,** compartida polos docentes Carlos Rey Calvo e Pedro J Martínez Vázquez.

Carlos Rey impartirá a área de E. física en 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de E. primaria, ademais dos apoios necesarios en E primaria. Coordinador actividades complementarias-extraescolares.

Pedro J. Martínez Vázquez impartirá E física en 1, 2 e 3<sup>o</sup> de E primaria, completando horario cos apoios en 1<sup>o</sup> de E primaria. Ademais terán que completar horario coas gardas, apoios,etc... que se consideren necesarios.

**Especialidade de E. artística:** Impartida por D<sup>a</sup> Blanca Represas Alonso, que impartirá música en todos os cursos de E. primaria, así como matemáticas e C Naturais en 6B, compartindo titoría. Coordinadora Dinamización da lingua.

**Relixión**, impartida pola docente Victoria González, en todos os cursos. Xefa de Estudos.

**Coordinadoras de ciclo:**

*E infantil:* .....Mariña Sayáns Amo  
*1º ciclo*.....Mª Elena González Conde  
*2º ciclo* .....Mª Dolores Cuesta  
*3º ciclo*.....Enrique Fuentes Torres Fraga

**Departamento Orientación**

**A.L.** compartida polas docentes Alicia Moure e Ramón Canosa Castiñeira. Ramón atenderá as NEAE de E infantil tanto do CEIP Rosalía como dos centros adscritos, Extramundi e Escravitude. Alicia as NEAE existentes no CEIP Rosalía Castro

**PT:** Almudena Ramírez Abal. Atenderá as NEAE presentadas no CEIP Rosalía Castro

**Xefe D Orientación**, Octavio Sánchez, Orientador das E.E.I. de Extramundi, Escravitude e CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

\*\* Ademais das horas/sesións dedicadas a docencia/atención do alumnado, o profesorado no seu horario lectivo contará con “apoios intranivel”, gardas, e outras adicacións.

**3.- Coordinacións docentes, equipas, órganos de coordinación docente:**

**a.-Departamento Dinamización da Lingua:**

\*Coordinadora: .....Blanca Represas Alonso

**Membros:** José Mª, Pedro, Salomé e Mariña

**b.-Actividades complementarias/extraescolares:**

\*Coordinador: Carlos Rey Calvo

*Membros: Mª Teresa del Río, Ana Caneda, Almudena, Maribel e Elena*

**c.-TICs :**

\*Coordinadora: Patricia Lijó Simón

*Membros:, Ramón, Enrique, , Loli, Mª Soledad, e Octavio*

**d.-Equipo biblioteca:**

\*Coordinadora: Paula Crespo.

*Membros: Cristina, , Marisol, Mabel, Marta, Susana, Fernanda, Marta e Tamara*

**e.-Convivencia:**

\*Coordinador: Susana Castro

*Profesorado: Mª Carmen Sanles , Victoria González e Octavio Sánchez.*

## **f.- Formación Profesorado:**

**\*Coordinadora:** *Victoria González*

## **g.- Consello escolar:**

**Presidencia:** *Octavio Sánchez*

**Xefatura estudos:** *Victoria González*

**Secretaria:** *M<sup>a</sup> Isabel Fernández Maneiro*

**Profesorado:** *Cristina Alberbetelli; Susana Castro; M<sup>a</sup> Fernanda Constantino; Almudena Ramírez e Blanca Represas*

## **h.- Comisión Coordinación pedagóxica**

- **Presidencia:** .....Octavio Sánchez
- **Xefatura Estudos:** .....Victoria González
- **Coordinadora E. Infantil :** .....Mariña Sayáns
- **Pedagogía Terapéutica:** .....Almudena Ramírez Abal
- **Audición e Linguaxe:** ..... Alicia Moure e Ramón Canosa
- **AL compartida:** ..... Ramón Canosa
- **Coordinación Dinamización da lingua:** ..Blanca Represas
- **Xefe D. Orientación:** .....Octavio Sánchez
- **Coordinadora biblioteca:** .....Paula Crespo
- **E infantil:**.....Mariña Sayáns
- **1º ciclo**.....Elena González
- **2º ciclo**.....Dolores Cuesta
- **3º ciclo** .....Enrique Fuentes

## **I.- Departamento de Orientación**

**Xefe Departamento:** .....Octavio Sánchez

**A.L.** ..... Alicia Moure e Ramón Canosa

**P.T** .....Almudena Ramírez Abal

**Coordinadora E. infantil:** .....Mariña Sayáns

**Responsables escolas unitarias adscritas,** .... Esther e Noela Iglesias Riveiro

**Docente especialista AL. escolas adscritas:** .. Ramón Canosa

## **J. Sección Bilingües 1º e 2º.... Fernanda Constantino**

**H. EQUIPA E. INFANTIL:** Ana Caneda; M<sup>a</sup> Teresa del Río; Marta Montero; Paula Crespo; Mariña Sayáns; M<sup>a</sup> Carmen Sanles; Ramón Canosa.

## **4.- Calendario escolar 23/24:**

- . Infórmase do establecido na Orde 3 de maio de 2023, DOG 16 maio 2023 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 23/24. Ofrécese un pequeno resumo cos diferentes aspectos máis destacados.
- Acórdase propor data non lectiva, debido a que o 6 maio de 2024 é luns, e enténdese festivo no Concello de Padrón, o xoves 16 de maio de 2024.

## 7.1. CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

**\*Datos avaliación** : De maneira referencial establécense as seguintes datas:

1º Avaliación..... 12 e 19 de decembro. Entrega boletíns 21 decembro

2º Avaliación..... martes 12 e martes 19 de marzo. Entrega boletíns 22 de marzo...

3º Avaliación..... 11 e 18 de xuño 2024, entrega boletíns, 21 xuño.

Este calendario pode estar suxeito a algunhas variacións se o estima necesario o equipo de avaliación, así como das circunstancias sanitarias que teñan lugar. Así mesmo para a última avaliación terase en conta as normas de fin de curso que se nos remitan no seu momento.

## 7.2.- HORARIOS

O horario lectivo do centro será de 9:35 a 14:35.

As sesións lectivas serán distribuídas da seguinte maneira:

9:35 a 10:30

10:30 a 11:25

11:25 a 12:20

12:20 a 12:50

12:50 a 13:45

13:45 a 14:35

## 7.3.- Horario Profesorado

O horario do profesorado constará nun anexo (DOC)

## 7.4.REUNIÓNS DE PRINCIPIO DE CURSO COS PAIS/NAIS

Os/as titores farán dita xuntanza a principios de curso. Nesta reunión informarase aos pais/nais/titores as pautas a seguir durante o curso, así como as normas a ter en conta, así como informar das programacións en liñas xerais.

*As datas de xuntanzas informativas das familias:*

*En E infantil .....martes 5 de setembro*

*1º de E primaria..... martes 13 de setembro*

*2º de E primaria, .....martes 20 de setembro.*

*3º de E primaria: ..... martes 13 de setembro*

*4º de E primaria, ..... mércores 7 de setembro*

*5º E primaria, ..... martes 19 de setembro*

*6º de E primaria, ..... martes 13 de setembro*

A plena consecución dos obxectivos e o bo funcionamento dun centro esixe unha coordinación bastante precisa dos recursos materiais e humanos, cada un dos cales debe funcionar axeitadamente en todo momento.

Cando algún dos elementos non funciona ou funciona fóra dos prazos que lle corresponde, faise difícil o labor de conxunto, dificultase a consecución de logros e obriga a introducir continuamente medidas correctoras.

Faise necesario, por tanto, o entendemento e a coordinación entre os distintos sectores que constitúen a comunidade educativa.

Adxudicámoslle á familia un papel educador de primeira orde. Para a formación integral do alumnado é imprescindible que os pais ou titores, ben sexa directamente, ou ben a través da A.N.P.A, colaboren co Colexio nunha serie de facetas que só eles poden acometer. Esta colaboración pedímola sobre todo, nos seguintes aspectos:

- vixiar a regularidade da asistencia a clase, coidando así mesmo a puntualidade, a limpeza e a dotación do material necesario para a mellor realización das tarefas escolares.

- poñerse en contacto co profesorado coa frecuencia necesaria para o intercambio de ideas e solución dos problemas que poidan xurdir.

- apoiar na casa as orientacións do Centro para obter así os mellores resultados posibles. Con vista a mellorar o coñecemento e polo tanto a relación Centro – familia propoñemos:

Reunión de cada titor ou titora coas familias dos seus titorandos.

Asemblea Xeral na que o Centro se dirixa aos pais para expoñer, analizar e clarificar posturas que valoren incorrectas.

## **8.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### ***8.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR***

A organización e funcionamento está regulada polo Real Decreto 2296/83 (BOE 27 de agosto), Decreto 203 / 86, Decreto 160/88, a Orde do 1 de marzo de 1991 e o Real Decreto 443/2001 do 27 de abril (BOE do 2 de maio).

A empresa que realiza o transporte é “Autocares Bustelo”.

Dispoñemos de seis autobuses cos seus correspondentes monitores/as.

En canto as seis rutas e paradas do transporte escolar é o seguinte:

**\* RUTA 1:** PICARAÑA, FEIJOO, GASOLINERA, REINA LUPA, SANTUARIO, MIRAZO, DESCANSO, CHAPARRAL E PILAR

**\* RUTA 2:** PREINCO E PRADA (MAÑANS)

\* BERNABE, C. BARATAS, DEVESA, PISTA SERRA, AGRONOVO, LAMAS, T. CASAL, PRADA E PREINCO (TARDES)

\* PEDROSOS (TARDE)

**\* RUTA 3:** PEDROSO, T. CASAL, LAMAS, AGRONONO, PISTA SERRA, DEVESA, C. BARATAS E BERNABE (MAÑANS)

**\* RUTA 4:** T. CALVO, ESPETUN, CUARTEL E BCO. PASTOR

**\* RUTA 5:** CAIXANOVA, GUARDERIA E GROBAS

**\* RUTA 6:** COLOMBIA E BCO. PASTOR (INFANTIL + 6º PRIMARIA)



### ***-NORMAS DE SEGURIDADE E CONVIVENCIA***

Estas normas van destinadas a potenciar a seguridade e a convivencia do alumnado transportado.

1. Só se poderán utilizar aqueles autobuses autorizados pola Consellería.
2. En cada autobús soamente poderán viaxar o número de escolares asegurados segundo a relación da consellería para o presente curso.
3. Os autobuses aparcarán no Centro na zona delimitada, obrigatoriamente coas portas cara as beirarrúas.
4. Os percorridos faranse tal como se indica nas follas dos distintos itinerarios. A empresa non pode modificalos.
5. Todos os autobuses procurarán chegar ao Centro cunha antelación máxima de 10 minutos sobre a hora de comezo da xornada escolar.
6. Os familiares do alumnado que non vaia a retornar no autobús, deberán avisar á persoa acompañante. Se o alumnado non vai facer uso do servizo con determinada periodicidade, deberá informar mediante escrito ao centro.
7. O acompañante é o responsable da seguridade e da disciplina do alumnado durante os traxectos. Por esta razón o alumnado débelle obediencia e respecto.
8. Cada alumno/a terá delimitado o seu asento no autobús para todo o curso. Así evítanse pelexas e présas por subir ao mesmo. Calquera modificación autorizaraa o acompañante.
9. A persoa acompañante encargárase da recollida e acompañamento do alumnado desde e até o interior do recinto escolar.
10. Os alumnos/as irán debidamente sentados e só se erguerán para baixar cando o autobús estea totalmente parado.
11. Os autobuses farán as paradas nas zonas delimitadas extremado ao máximo a seguridade nas mesmas.
12. O alumnado agardará nas paradas sen ocupar as zonas de estacionamento e só se achegarán ao autobús cando estea totalmente parado.
13. As subidas e baixadas faranse con orde, sen présas, evitando atropelos e empuxóns, dando prioridade aos máis pequenos.
14. Os condutores non arrincarán mentres non estean seguros de que subiron todos os alumnos/as. Estes informarán ao acompañante da ausencia dalgún compañeiro e compañeira.
15. O alumnado non cruzará nin por diante nin por detrás dos autobuses. Agardarán nas beirarrúas até que estes se vaian.
16. Os alumnos/as procurarán non molestar ao conductor/a, evitarán berros e ruidos innecesarios e respectarán os asentos e a limpeza do autobús.
- 17.- Este curso o alumnado empregará o mesmo asento durante todo o curso académico.

### ***CONVIVENCIA E DISCIPLINA***

As normas de convivencia e disciplina no transporte escolar son as mesmas que rexen a vida escolar, estipuladas a partir do documento elaborado pola Comisión de Convivencia e co seguimento do Observatorio de Convivencia. Destacamos o respecto como norma básica. Ademais recordamos a solidariedade, a axuda mutua, sobre todo na previsión de perigos cos compañeiros/as máis pequenos e os que teñan dificultades de calquera tipo.

Terase en conta o establecido nas NOFc do centro.

### ***PROCEDIMENTOS DE CONTROL***

Segundo a circular da Consellería corresponde á Dirección do Centro o control de posibles irregularidades ou incumprimentos no transporte escolar, quen o comunicará ao servizo de Recursos Educativos Complementarios da Consellería de Educación e O.U.

### **PROCEDIMENTO XERAL**

Calquera membro da Comunidade escolar (alumnado, pais, profesorado, conserxes, empresa e conductores) pode comunicar á Dirección calquera irregularidade ou incumprimento no transporte escolar.

### **8.2.-ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR**

O Comedor Escolar rexirase nas súas liñas xerais pola normativa vixente tanto no referente ó funcionamento como a manipulación de alimentos aínda que, por considerar este servizo como peza de vital importancia no proceso formativo dos nosos nenos e nenas, tódolos sectores do Centro (Responsable e encargado de comedor (por mor de non aceptar ningún docente, o conserxe do centro preséntase voluntario, sendo aceptado, Pais/nais colaboradores) están comprometidos coa causa a fin de rentabilizar as posibilidades ó noso alcance.

#### **PERSOAL:**

- Dirección: Octavio Sánchez Mallo
- Encargado: Manuel Rivas Cristobo
- Cociñeira: Araceli Miguéns ; Eva M<sup>a</sup> Agulla
- Axudantes de cociña: Ángela , Rosa M<sup>a</sup> Ces Quintáns

*A relación de persoal colaborador do comedor escolar foi aprobado en sesión do consello escolar celebrado o 8 de setembro*

#### **Comensáis:**

Na data de redación da presente PXA, teñén solicitado o uso do Comedor Escolar 245 alumnos e alumnas.

- Becados ao 100%: -----184
- Contribuintes, a espera do que se determine desde a Consellería de Educación, debido a nova normativa. -----53
- O resto de comensais, ate os 298 que ten concedido o centro, son o persoal colaborador, persoal de cociña, encargado e xefe de comedor, así como o “auxiliar de conversa”, podendo facer uso das prazas vacantes o profesorado solicitante, debendo aportar a cuantía establecida.

-Este listado é provisional en canto que se poden realizar reclamacións e/ou novas solicitudes/baixas..

#### **. FUNCIONAMENTO**

As normas que rexen o seu funcionamento son as seguintes, sen prexuízo de que se establezan outras ao longo do curso se fora necesario.

- A entrada farase de forma ordenada.
1. As normas e a disciplina son as mesmas que rexen a vida escolar, estipulados no Regulamento Interno.

2. Os/as alumnos/as deben respectar e obedecer ao persoal colaborador e solicitar a súa atención cando a necesiten.
3. O persoal colaborador debe respectar e atender ao alumnado. Preocuparanse por atendelos e axudalos a solucionar problemas de convivencia.
4. Os comensais presentaranse nas debidas condicións hixiénicas, especialmente coas mans lavadas.
5. Os comensais serán respectuosos coa comida e cos utensilios e procurarán deixar limpo e recollido o lugar onde comeron.
6. Os comensais procurarán permanecer nos asentos coa debida compostura, atendendo as indicacións da encargada e demais persoal colaborador en canto á adquisición de hábitos alimentarios e convivencia.
7. Todos nos esforzaremos en reducir ao mínimo os ruídos. O alumnado fará as solicitudes coa man erguida.
8. Os alumnos/as que utilizan o comedor non poden saír do recinto escolar sen o permiso do /a encargado/a ou da directora, e sempre acompañado dos pais, ou persoa responsable.
9. Os alumnos/as que non utilizan o servizo de comedor, non deberán estar no colexio en horario de mediodía.
10. As quendas de vixilancia do persoal colaborador serán elaboradas pola encargada, comunicados a cada quen e expostos no taboleiro do comedor.
11. Os lugares de vixilancia e asistencia do persoal colaborador distribuiranse de xeito que cubran, os distintos espazos ocupados polo alumnado. Os días de choiva estarán nos patios cubertos e/ou espazos que se determinen, non podendo facer uso de balóns.
12. En caso de urxencia, accidente ou enfermidade, o encargado ou persoal colaborador encargárase de chamar aos pais ou ao médico. O listado de teléfonos de urxencia está na conserxería e na dirección.
13. En caso de conflito, o persoal colaborador avisará á encargada. Ademais comunicaranlles as faltas de convivencia do alumnado e outras incidencias.
14. Así mesmo, o persoal colaborador prestará especial atención aos xogos, actos violentos e situación perigosas para a integridade física do alumnado, cortando de raíz calquera actividade deste tipo.
15. O alumnado que mostre un comportamento disruptivo no comedor,;
  - a.- Será amonestado e procurárase que modifique o seu comportamento. Este feito comunicárase aos pais/titores legais
  - b.- Si o anterior non surte efecto, o alumno/a quedará sen tempo de lecer (recreo) durante uns días.
  - c.- Si o alumno/a non mostra melloría no seu comportamento, poderá ser expulsado do servizo, nunha primeira instancia durante tres días. Posteriormente o que se considere oportuno desde o centro. A medida comunicárase aos pais/titores legais.

16. Tanto o persoal colaborador coma o alumnado deberán coñecer estas normas e esforzarse en cumprilas, polo tanto estarán expostas no taboleiro para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa.

### **HORARIO DE FUNCIONAMENTO**

O servizo de comedor funciona nun único turno. O servizo de comedor escolar remata todos os días, excepto os martes as 15:45. Os martes as 16:30. Este horario debe ser considerado en canto atención por parte das “colaboracións” de comedor escolar.

Naquelas datas que se decida por parte do Consello escolar, poderá non haber servizo de comedor. O alumnado estará vixiado e asistido polo persoal colaborador. Este deberá atender ao alumnado ate o remate da estancia no centro, saída do “transporte escolar”, debendo entregar aos menores no “bus” correspondente e/ou as persoas autorizadas no suposto de non empregar o servizo de transporte escolar.

Apróbase un protocolo de funcionamento no Consello escolar celebrado o 7 de setembro, dando oportuna información ás familias, e concretamente as persoas voluntarias que atenderán o servizo de comedor escolar durante o curso 23-24.

### **ORGANIZACIÓN DA VIXIANCIA DO COMEDOR E PATIOS**

O persoal colaborador coñece e acepta as normas e suxerencias que ao principio de curso se estableceron, polo que deberán encargarse de:

1º Axudar e vixiar dentro do comedor, así como “dispensar”, repartir os menús diarios.

2º Organizar e vixiar os patios

3º Atender ao alumnado enfermo ou accidentado

Con anterioridade ao comezo do servizo de comedor, realizouse unha xuntanza con todo o persoal “coidador”, onde se lle explicou as normas, concicións e tratamento do servizo. Mostrando a conformidade, deixouse constancia por escrito do mesmo.

### **- MENÚS**

Será elaborado cunha conciencia de racionalidade nutricional, pero tendo en conta os gustos do paladar infantil co que se pretende que os cativos e as cativas non rexeiten o global ao mesmo tempo que se van habituando a diferentes gustos e principios nutricionais. Estará composto de:

- Un primeiro prato a base de sopas, cremas de verduras, potaxes, caldos,...
- Un segundo prato de carnes, pescados ou óvos coas súas respectivas guarnicións de pasta, patacas ou ensaladas.
- Postre: Froitas frescas variadas, iogur, froita en conserva e en contadas ocasións xeados ou doces.

- Para beber, o alumnado dispón de auga e leite enteiro, segundo as preferencias ou a suxerencia do encargado do comedor que coida a axeitada nutrición dos cativos e cativas.

*O Comedor Escolar contribuirá, na medida do posible, nos hábitos de consumo, no coidado do medio ambiente, control de ruídos,...*

## **ORZAMENTO**

O orzamento do comedor axustarase aos ingresos e o remanente co que conta, e será invertido na compra de alimentos e outras necesidades propias do comedor, procurando adquirir aqueles produtos que ofrezan a mellor relación calidade-prezo, dentro das posibilidades do mercado.

As contas do comedor serán presentadas á Comisión Económica e aprobadas polo consello Escolar

## **13.- LIBROS DE TEXTO:**

A bibliografía recomendada polos docentes, para o actual curso 2023-2024: Ver anexo

## **14.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO**

Tratarase de realizar algún simulacro de evacuación ao longo do curso, solicitado en varias ocasións ao Concello de Padrón, sen ter resposta até o momento. Entendendo a necesidade de levarse a cabo o mesmo, así como a implicación que debería dende o Concello de Padrón, seguiremos insistindo na súa posta en práctica.

Neste simulacro trataríase de coñecer máis polo miúdo as particularidades e aspectos a ter en conta no suposto de acontecer algún “desastre”. Mentras tanto propoñemos as seguintes medidas de actuación.

### **OBXECTIVO XERAL**

O obxectivo principal deste plan é facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado, profesorado e demais persoas, así como ás instalacións escolares. Tamén, conseguir mentalizar á comunidade educativa da necesidade de autoprotección, preparándoa para que saiba como enfrontarse a unha situación de emerxencia.

### **OBXECTIVOS DO PLAN**

Coñecer o centro e os seus arredores. Riscos existentes. Medios dispoñibles e necesarios segundo a normativa vixente.

Evitar as causas de emerxencia.

Ensinar ao alumnado a conducirse adecuadamente en situacións de emerxencia.

Designar previamente os lugares de concentración das persoas que vaian a ser evacuadas.

Catalogar e distribuír os medios materiais propios, realizando un seguimento en aras da súa fiabilidade.

Organizar e desenvolver simulacros para comparar o previsto co realizado, corrixir fallos e instruír aos participantes.

Informar suficientemente ás persoas habituais como aos visitantes ocasionais do centro.

Establecer un enlace inmediato, permanente e seguro cos servizos oficiais de Protección Civil.

Preparar a posible intervención de axuda exterior-bombeiros, ambulancias, policía-, en caso de emerxencia importante.

## **FUNCIÓNS XERAIS DA AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR**

- Impedir, mediante a adopción de medidas adecuadas, que o sinistro teña lugar.
- Combater o sinistro, limitando o seu alcance e volume e eliminándoo na medida do posible.
- Prestar unha primeira axuda material e moral, ás posibles vítimas do sinistro, ata o seu traslado a un centro sanitario.
- Paliar, mediante a adopción de medidas axeitadas, os efectos producidos por algún sinistro de carácter natural.
- Cooperar cos servizos oficiais da Protección Civil na loita contra o sinistro.

## **MEDIDAS PARA IMPEDIR A APARICIÓN DO SINISTRO**

- Precaución nos traballos que requiren o emprego de fogóns, botellas de gas ou produtos químicos de limpeza, illándoos con relación ao resto do centro.
- Vixilancia das instalacións eléctricas e de gas co fin de evitar que poda ser fonte ou orixe dun sinistro.
- Información visible, con destino á comunidade educativa e aos visitantes do centro, co obxecto de que observen un comportamento acorde co propósito perseguido.

## **MEDIDAS PARA DAR A ALARMA**

- Existencia de alarma de incendios situada no cuarto de incendios, cun dispositivo en conserxería e unha serea na fachada do centro. Cando queda a alarma sen corrente, “avisa” mediante sons acústicos.
- Se houbera que activar a alarma manualmente, haberá que tocar o timbre na conserxería reiteradamente para que todos se poñan en marcha.
- Designación da persoa encargada de contactar cos servizos de axuda exterior, se fixera falta: Conserxe e Equipo directivo.
- O mestre do centro que descubra o sinistro dará a primeira alerta para que se poña en funcionamento o plan.
- Se o sinistro é descuberto por un alumno, deberá informar ao seu titor ou ao profesorado especialista que estea na aula, para que de a alarma.
- Se fixera falta solicitar axuda do exterior, farao a persoa, que non tendo alumnos ao seu cargo, se atope nas zonas da administración. TLF: 112
- Información aos escolares, en relación co seu comportamento no caso de descubrir a presenza dun perigo.
- Seguir en todo momento as indicacións dos mestres.
- Seguir os sinais de emerxencia.
- Dirixirse ao PUNTO DE CONCENTRACIÓN, que estará abicado nas canchas de baloncesto (patio descuberto).

## **PLAN DE EVACUACIÓN DO CENTRO**

### **MEDIDAS PARA A EVACUACIÓN**

- Vías de evacuación libres de calquera obstáculo.
- Considérase **VÍA PRINCIPAL DE EVACUACIÓN O EDIFICIO PRINCIPAL**. Os nenos/as de Infantil e 1º de primaria saíran pola porta lateral de entrada de educación infantil. Os nenos/as de 5º e 6º baixarán polas escaleiras máis próximas ás súas aulas (a que da á zona administrativa), saíndo pola entrada principal, e o resto de alumnado baixará polas outras escaleiras e sairá pola porta principal. Todos eles en orde. Irán en filas, pegados á parede máis próxima á porta da dependencia na que se atope nese momento ata chegar á escaleira.

## P.X.A – CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

- Os alumnos de educación infantil sairán na seguinte orde. Primeiro 3 anos, logo 4 anos e por último 5 anos. Os nenos/as de 1º sairán a continuación, primeiro o grupo A e logo o grupo B.
- Baixará 1º o alumnado de 2º, 3º e 4º, e despois o alumnado de 5º e 6º.
- O alumnado de 2º, 3º e 4º A baixarán as escaleiras pola dereita, mentres que o resto o farán pola esquerda.
- O alumnado de 5º baixará as escaleiras pola esquerda e o de 6º pola dereita.
- Unha vez fóra do edificio sairán á cancha.
- Colocaranse, no interior das portas de cada dependencia do centro e nas paredes dos distintos andares uns carteis de información con consignas de comportamento e actuación, que deberán ser observadas polo alumnado no caso de sinistro.
- O conserxe encargarse de saír á cancha de baloncesto cun listado do alumnado e un botiquín de emerxencia.

### MEDIDAS PARA COMBATIR O SINIESTRO

- Segundo o tipo de sinistro de que se trate haberá unhas medidas concretas e puntuais para combatelo.
- En caso de INCENDIO contamos con EXTINTORES e MANGUEIRAS localizados da seguinte forma:
  - PLANTA BAIXA:
    - 2 Extintores no módulo de Educación Infantil: un ao lado da aula de 4 anos e outro ao lado da aula de 5 anos.
    - 1 Extintor ao lado da aula de 1ºA.
    - 1 Extintor no andar, ao lado da Biblioteca.
    - 1 Extintor ao lado do cuarto de limpeza, fronte a conserxería.
    - 1 Extintor na entrada da zona administrativa.
    - 1 Extintor no ximnasio.
    - 2 Extintores no comedor.
    - 1 Extintor na cociña.
    - 1 Extintor na despensa.
    - 2 Extintores na zona de electrodomésticos, dentro da cociña.
    - 1 Manguera en cada una das escaleiras da planta baixa.
    - 1 Manguera no ximnasio.
  - PLANTA 1ª:
    - 6 Extintores próximos ás portas das aulas e de fácil localización.
    - 1 Manguera en cada unha das escaleiras da planta alta.
- FORA:
  - 2 Extintores na sala de caldeiras, automáticos á temperatura.
  - 1 Extintor grande na zona dos tanques de propano.
  - En caso de INUNDACIÓN provocada por fortes aluviós (pouco probable debido á disposición do edificio sobre o terreo), abranse as portas da planta baixa e resgardaranse os alumnos no primeiro andar.
  - En caso de DERRUMBE, DESPLOME, TERREMOTO OU ERUPCIÓN VOLVÁNICA (improbable), abranse rapidamente as aulas para evitar que se bloqueen as portas, observando as medidas de precaución propias do caso.
  - Iniciar os desaloxo do edificio por aquelas vías que se atopan en condicións de ser empregadas, conducindo ao alumnado con calma, pero rapidez, cara a zona de concentración na cancha.
  - Os mestres titores farán o reconto do alumnado inmediatamente, comunicando as incidencias ao Equipo directivo.

- Prestaranse os primeiros auxilios aos feridos e axudarase a aqueles que puideran ter quedado atrapados ata que cheguen os equipos de rescate.
- Si se declara un incendio como consecuencia do sucedido, haberá que intentar sufocalo ou controlalo ata que cheguen os bombeiros.
- Facilitarase toda información posible aos pais/nais en relación cos seus fillos.
- En caso de ACCIDENTE IMPORTANTE OU GRAVE, avisarase ao 112, indicando o nº de pacientes existentes, sintomatoloxía, primeiros auxilios que se lle están prestando... Un docente esperará á ambulancia e indicarlle aos socorristas o lugar onde se atopan os/as pacientes.
- En caso de AVISO DE BOMBA, desaloxar o colexio polas vías de evacuación previstas de forma ordenada e tranquila, levando ao alumnado cara o punto de reunión. Se fora necesario, debido á magnitude da situación, evacuaríamos ao alumnado fora do centro e o levaríamos á rúa que accede ao Monte Santiaguíño. Daríase a viso ao 112.

### **MEDIDAS DE MANTEMENTO**

- Haberá unha vixiancia e inspeccións periódicas dos servizos, material e instalacións do centro: extintores, botiquín, rede de auga, sistema eléctrico, alumeado de emerxencia, sinalizacións...
- O persoal encargado de efectuar este mantemento será o Equipo directivo coa axuda do conserxe do centro. Informarase aos escolares a fin de que poñan inmediatamente en coñecemento do profesorado calquera anomalía que observen no material o nas instalacións do colexio.

### **MEDIDAS DE SALVAMENTO**

Aquel alumnado ou persoal do centro que quedara afectado, ben por causas emocionais, contusións, feridos graves.... serán atendidos e evacuados da seguinte forma:

**CAUSAS EMOCIONAIS:** Un docente intentará tranquilizar ao paciente e acompañalo á zona de asistencia sanitaria cos profesionais que acudan ao respecto.

**INANIMADOS OU CONTUSOS:** Un mestre avaliará ao paciente e actuará segundo o caso, estabilizándoo ata que poda ser evacuado á zona sanitaria ou a un centro sanitario.

**FERIDOS GRAVES:** Un mestre avaliará ao paciente e prestaralle os primeiros auxilios ata que se poda evacuar.

**MORTOS:** taparase o cadaleito, illarase a zona onde se atopa e esperarase á actuación das autoridades competentes.

### **MEDIOS MÍNIMOS**

Extintores, botiquín, rede telefónica, lanternas, listado do alumnado-profesorado-persoal do centro, rexistro de incidencias, iluminación de emerxencia, mangueriras, cubos, ferramentas...

### **FASE DE EXECUCIÓN EN CASO DE SINIESTRO**

#### **•FASE DE ALERTA:**

- Será dada pola testemuña presencial.
- Inmediatamente tratar de cortalo ou sufocalo.
- Pedir axuda exterior.

#### **•FASE DE INTERVENCIÓN:**

Intervención masiva, ordenada e oportuna de todos.



## ACTUACIÓN VARIAS

- En caso de roubos ou destragos no recinto escolar, farase a denuncia á garda civil e enviarase unha copia da mesma á Xefatura Territorial de Educación. Deixarase tamén unha copia rexistrada no centro.
- Sería recomendable pechar a chave xeral de paso da auga do centro, co obxecto de previr derrames innecesarios e posibles inundacións en aulas ou outras dependencias.
- Identificarase a toda persoa allea á comunidade educativa que acceda ao colexio podendo invitálo a abandonar o mesmo se fora necesario. Se non se identifica poñerase en coñecemento da garda civil.
- Identificarase a todo aquel que leve un alumno/a do centro, sobre todo cando non se trata dos titores legais e facendo todas as comprobacións pertinentes (si o neno coñece a esa persoa, a onde o leva, si avisaron da casa...), cubrirase o impreso adecuado e poderán saír do centro.
- O alumnado non poderán saír do centro en horas lectivas a non ser que sexa por forza maior e xustificada.

## DEFICIENCIAS

Este plan de autoprotección está realizado polo profesorado e o Equipo directivo en coherencia coas necesidades que presenta o centro. Consideramos que non temos a formación, nin a cualificación, nin os medios para realizar un plan adecuado.

Non existe escaleira exterior de emerxencia, non se pode saír polas ventás (non abren suficiente), a saída de emerxencia existente está nun cuarto e é pequena...

Enténdese que sería axeitado promover algún tipo de medida de simulacro con persoal especializado de bombeiros, protección civil,... con obxecto de practicar e coñecer métodos de evacuación.

## USO DO BOTIQUÍN ESCOLAR

A utilización do botiquín escolar réxese polo seguinte regulamento:

Nos botiquíns atenderase a aqueles alumnos/as que sufran algún accidente moi leve, xa que doutra maneira avisarase ao 112 e seguiranse as instrucións que ofrezan. Se precisasen atención médica, avisarase ás familias, e se estes non poidesen recollelo, será o 112 quen determinará o procedemento de asistencia. Na conserxería e na dirección hai unha relación telefónica de médicos, ambulancias, centro médico e teléfonos dos pais/nais do alumnado.

A súa utilización rexerese polas seguintes normas:

- O alumnado non accederá só ao botiquín.
- O alumnado que o precise será atendido polo titor/a, conserxe ou por un profesor/a de garda.
- Ao alumnado non se lle pode administrar ningún medicamento (agás curas).
- Durante o horario de recreo, correspóndelles aos profesores/as de garda atender aos alumnos enfermos e accidentados.
- No botiquín seguiranse as medidas hixiénicas seguintes:
  - en caso de feridas empregar luvas.
  - sempre que se utilicen tesoiras, pinzas ou termómetro hai que limpalos con alcol.

O botiquín do CEIP Rosalía de Castro conta con:

2 BOTES DE TIRITAS SURTIDAS.1 BOTE DE SUERO FISIOLÓXICO.1 GOMA COMPRESORA PLANA.1 ROLLO DE ESPARADRAPO HIPOALERXÉNICO.1 CAIXA DE GASAS ESTÉRILES. 2 ROLLOS DE VENDA DE FÍO.1 ROLLO DE VENDA COHESIVA.1 BOTE DE BASTONCILLOS DE ..ALGODÓN.1 CAIXA DE GUANTES DE EXAMEN.1 BOTE DE XEL ANTISÉPTICO.2 BOTES DE AUGA OSIXENADA.1 ROLLO DE ALGODÓN.TIRITAS DE PUNTOS.

Neste curso contaremos con varios termómetros “tipo láser”.

## **SEGURIDADE DO ALUMNADO**

De acordo coa lexislación vixente e pola seguridade dos propios alumnos/as non se poderá acceder aos espazos didácticos, incluídos corredores durante as horas de clase, sen a debida autorización.

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar, sempre que se faga cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada.

## **PROCEDEMENTO DO ALUMNADO ACCIDENTADO.**

No suposto de accidente dun alumno/a, o procedemento a seguir será o seguinte: Si o profesorado considera que pode ter “certa gravidade”, inmediatamente se tratará de por en contacto coa familia. Si esto non é posible, será mediante chamada ao 112 e/ou servizos médicos de urxencia quen es indicarán a metodoloxía a seguir. Si hai que trasladar al alumno/a a un centro sanitario, será mediante ambulancia e/ou baixo a responsabilidade familiar no seu caso. Si non hai ningún familiar para acompañar ao alumno/a na ambulancia, poderá ser acompañado por algún docente.

No suposto de “indisposición temporal”, reclamarase a asistencia dos familiares “legalmente autorizados”, os que decidirán sobre os pasos a seguir.

En ningún caso se administrará medicamento algún, nen se trasladará ao alumno/a fora con recursos personais. De ser necesario a administración dalgún medicamento durante a xornada escolar, deberá procederse baixo prescripción médica, e con autorización expresa dos pais/titulares legais, sempre en casos moi puntuais/extremos e coa aceptación do persoal coidador, que poderá admistralo. Noutros supostos serán os proxenitores ou persoas autorizadas que eles designen quen es administren a medicación.

Esto implica que o alumnado non poderá acudir ao centro educativo con nengún medicamento.

Como en cursos anteriores, desde a dirección do centro continuarase a solicitar colaboración por parte do Concello de Padrón en canto realizar simulacros de evacuación, etc.. coa finalidade de coñecer máis de preto procedemento de actuación no suposto de ser necesario.

## **15.-PLAN DE EMPREGO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

As instalacións do centro están abertas á utilización da comunidade educativa, sempre que sexa fóra do horario lectivo, previa solicitude á dirección do centro.

Para a súa utilización por parte da ANPA, facilitarase sempre a súa dispoñibilidade, do mesmo xeito que para organizar actividades extraescolares ao remate da xornada escolar. Para uso ocasional a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Outras organizacións, asociacións, etc.. deberán solicitar a oportuna autorización, debendo xustificar en cada caso a necesidade de uso do centro.

A dirección do centro, cando corresponda, solicitará a oportuna autorización a Xefatura Territorial da Coruña

## **16.- Actividades complementarias /Extraescolares**

Segundo o acordado no claustro celebrado o 7 de setembro de 2023, este curso 23-24, celebrarase as actividades complementarias que víñamos realizando en curso pasados, consideradas como “fixas por cursos”. De igual maneira acórdase celebrar, coas familias, aínda que sen definir o “procedemento” os festivais de “entroido” e “final de curso”. En relación as actividades extraescolares serán valoradas en función de cada titoría, sendo voluntario a participación do profesorado e evaluando en cada momento o que máis prudende se considere.

As actividades complementarias tratarase de participar, asistir.

Proponse propor actividaes dentro do centro como “charlas” informativas, tanto para alumnado.

En 6º curso de E primaria, tratarse de organizar unha viaxe de final de curso, que non ten porque coincidir co remate do curso, xa que de ser a “neve”, a actividade realizarase no momento de existir a climatoloxía axeitada.

## **CRITERIOS PARA ESTABLECER OS AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO**

Dacordo ao establecido na organización do centro, establecerase reagrupamento nos cursos de 3º e 5º de E primaria. Este reagrupamento farase tendo en conta uns criterios xerais que van en consonancia coas nosas liñas pedagóxicas, e que están pensados para favorecer a creación de grupos heteroxéneos coa finalidade de contribuir ao seu éxito escolar e a unha maior socialización.

Así, os criterios que se teñen en conta no noso centro á hora de establecer os agrupamentos é o recollido nos seguintes puntos:

### **ALUMNADO QUE COMEZA A EDUCACIÓN PRIMARIA**

Para a primeira asignación do alumnado de Educación Primaria ao centro establécense as seguintes pautas de actuación:

División do alumnado por grupos atendendo aos seguintes criterios pedagóxicos:

Paridade de xénero.

Igual número de nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe en ambos grupos ou previsión delas, xa que moitas veces descoñécense ditas dificultades antes da escolarización do alumnado.

No caso de acneae, asignarase por igual a ambos grupos, tendo en conta o número de alumnos e alumnas de cada grupo.

No caso de alumnado procedente do extranxeiro con descoñecemento do idioma, asignarase por igual a ambos grupos tendo en conta o número de alumnos en cada grupo así como o número de acneae.

Orde alfabética do primeiro apelido, ou do segundo no caso de que coincida o primeiro apelido.

No caso de mellizos, xemelgos ou irmáns que por calquera circunstancia coincidan no mesmo nivel, agruparanse preferentemente en aulas distintas para favorecer o seu mellor desenvolvemento e autonomía persoal. No tocante a este punto, priorizarase o criterio da familia, titora/titor do curso anterior e informe do D de Orientación, no seu caso

Por mor de facilitar a incorporación do alumnado procedente das escolas unitarias que temos adscritas, estes alumnos e alumnas manteranse xuntos na mesma aula.

## **ALUMNADO DE NOVO INGRESO NO CENTRO DURANTE A ESCOLARIDADE**

Cando se incorpore ao centro alumnado novo, asignarase ao grupo con menor número de alumnos e alumnas, tendo en conta asimismo, o número de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e acneae. En caso de igualdade entre grupos, escolarizaríase no grupo A.

### **REAGRUPACIÓN DO ALUMNADO AO FINALIZAR O PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Ao finalizar o primeiro ciclo de Educación Primaria, revisarase a asignación do alumnado a cada un dos grupos, para o que se seguirán as seguintes pautas de actuación:

Reunión ao final do curso por parte dos/as titores/as de segundo de primaria coa Xefatura de estudos e, de considerarse necesario, co resto de docentes que imparte clase ...neste nivel para o estudo común das características deste alumnado para establecer unha nova proposta de agrupación dos alumnos e alumnas.

Reunión da Xefatura de estudos cos titores de segundo curso una vez rematado o período lectivo e antes do inicio do curso académico para a confección dos grupos. Pedirase a colaboración do orientador/a do centro ou de calquera outro membro do D.O. que se considere de importancia para esta labor.

Dita reagrupación de discentes farase atendendo aos seguintes criterios pedagóxicos por orden de importancia:

Compensar o número de nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe, acneae e alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento ou dificultades co idioma. En todo caso, no tocante ao acneae tomarase en consideración a opinión do D.O. tendo en conta o mellor para cada alumno.

División equitativa de alumnado por competencia curricular, procurando que en ambos grupos haxa nenos/as de distinto nivel de competencia curricular, evitando segregación por niveis.

División equitativa do alumnado que presenta problemas conductuales que interfiran no normal desenvolvemento das clases, tendo constancia destes problemas nos informes de avaliación ou rexistros dos titores.

Paridade de xénero.

Que exista unha compensación numérica no tocante a alumnado de ambos grupos.

Orde alfabética do primeiro apelido ou do segundo de coincidir o primeiro.

A elección destes criterios pedagóxicos fundaméntanse en:

A equidade de ambos grupos, eliminando a priori as desigualdades.

A división equitativa do alumnado con déficits do desenvolvemento ou posibles déficits permitirá ao titor/a dedicar una mellor atención aos mesmos co obxectivo de poder compensar ou previr ditos déficits.

De igual modo, a división equitativa de acneae permitirá ao alumnado dos grupos poder desenvolver valores e actitudes de respecto ás diferencias, axuda e colaboración, potenciando a posibilidade de eliminar carencias e facilitando a formación en valores democráticos fundamentais como son a tolerancia e a solidariedade.

A estruturación dos grupos ao final do primeiro ciclo de Educación Primaria permitirá correxir posibles desigualdades que puideran acaecer ao longo da Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. En cursos anteriores non se levarán a cabo salvo casos excepcionais e debidamente xustificadas pola xefatura de estudos.

A igualdade entre nenos e nenas permite a interacción do alumnado con nenos e nenas do outro sexo enriquecendo as mesmas e eliminando estereotipos de xénero.

A división do alumnado inmigrante en ambos grupos favorece o coñecemento das características e costumes doutros pobos e culturas, se respete as diferencias culturais e contribúe ao enriquecemento de todos e á mellora dos mesmos como cidadanos.

A división equitativa do alumnado tendo en conta o nivel de competencia curricular poderá favorecer o equilibrio dos grupos, traballando actitudes de colaboración, interese e esforzo a través do traballo cooperativo, o que poderá contribuir a minimizar posibles diferencias curriculares e facilitando metodoloxías como o Deseño Universal de Aprendizaxe.

A división equitativa do alumnado que presenta problemas conductuales posibilitará a adquisición de hábitos de convivencia democrática e de respecto, traballando de forma máis específica con eles/as de forma máis específica co obxectivo de eliminar ou reconducir ditas conductas.

A reestructuración dos grupos tamén facilitará a adaptación ás características de diferentes compañeiros e compañeras preparándoos para futuros cambios dentro dunha sociedade en contínua transformación.

Favorece a rotura de roles negativos, permitindo a nenos/as “encasillados” nun modelo negativo comezar de cero. Igualmente cambia a percepción da pertencencia dos ...nenos/as ao grupo de boso u malos, favorecendo os conceptos de igualdade, solidariedade e non discriminación.

Ademáis de todo o anterior, realizarase una segunda reagrupación dos grupos no quinto curso de Educación Primaria se fora preciso compensar algunha situación concreta.

## **18) Proxecto Ríos, Voz natura e Axenda 2030**

- **VOZ NATURA**
- **HORTA ECOLÓXICA ESCOLAR- Axenda 2030**
- **PROXECTO RÍOS** (Salvemos os ríos)

### **Participantes: as 4 aulas de Infantil e as 12 de Primaria**

Este curso 2023/24 é o sétimo no que este centro se integrou no Proxecto Ríos e o sexto en Voz Natura coa pretensión de implementar a dinámica iniciada cursos atrás (coa participación do alumnado, profesorado, persoal non docente) procurando a sensibilización da comunidade educativa cara unha sustentabilidade das nosas vidas, familias e colexio.

Se pretenden establecer unhas actitudes de coñecemento e coidado do medio natural desde a aula, ao patio e aos fogares e que neste curso se redobran esforzos ao ter como proxecto de centro a Axenda 2030.

Un ano máis plantaremos por cursos a nosa horta ecolóxica e coidará cada clase da súa froiteira (abono, rega e poda) das que algunhas xa deron os seus primeiros froitos: marmelos, mazáns e laranxas.

Contaremos tamén este ano coa enxeñeira agrónoma e hortalizas que nos aporta Mans Unidas, así como 500 euros do Voz Natura para seguir mantendo as nosas actividades. Está previsto que o Concello de Padrón colabore na reubicación da horta para facer unhas xardiñeiras de madeira integrando cada aula a súa froiteira e aportando mellor terra de labor. A actual ubicación non ten terra de calidade e está sendo moi invadida por caracois e toupas procedentes da parcela lindante.

Seguimos tamén fomentando diversas actitudes a prol do desenvolvemento sostible como a redución de envases, plásticos dun só uso, reciclaxe, uso do composteiro, aforro enerxético e de agua... así como unha mellora ambiental do patio do colexio.

En canto ao Proxecto Ríos no centro repártense as dinámicas e obxectivos a acadar por niveis e ciclos buscando que o alumnado ao longo dos distintos cursos de Infantil e Primaria acade un coñecemento, valoración e respecto aos ríos, personalizado principalmente nos ríos Sar e Ulla que envolven á vila de Padrón. Neste sentido culminamos no terceiro ciclo de Primaria coa analítica e comparativa de táboas de macroinvertebrados no día do Medio Ambiente. O colexio ten apadriñados dous tramos de medio quilómetro cada un no Xeovisor da Consellería de Medio Ambiente. Un desde o inicio da canalización ata o espolón no Río Sar e outro a desembocadura do Río Seira que será o que analicemos este curso.

## **OBXECTIVOS**

O plantexamento que temos neste centro, ano tras ano e a longo prazo, é relacionar e interactuar entre o coñecemento do medio natural, a concienciación e compromiso no seu coidado, valoración do ecosistema e saúde do contaminado Río Sar, iniciación á agricultura ecolóxica e empregar tamén a literatura ou música, plástica... como un dos medios de achegamento, especialmente a obra de Rosalía de Castro.

A concienciación do coidado do medio ambiente, personalizado nos ríos Sar e Ulla que bañan o noso concello, pasa por un previo coñecemento do seu ecosistema, importancia histórica e literaria, así como identificar o estado de contaminación do Río Sar.

## ORGANIZACIÓN

As actividades do Proxecto Ríos e Horta ecolóxica usaremos recursos propios da aula como cartolinas, cores, vídeos, fichas, materiais de refugallo... que se utilizarán ao longo do curso en actividades diferentes de aula ou nivel que reforzan e complementan as dinámicas dos anos anteriores; así como ir presentando e traballando distintos aspectos dos ecosistemas da zona, coñecemento da horta e natureza, características dos ríos...

Todas as actividades se prantexan dunha maneira moi participativa e lúdica e nas que se traballan distintos aspectos do mundo natural adaptados ao currículo e ao alumnado dos cales algunhas se suman ás xa publicadas na páxina web do colexio tanto no apartado Voz Natura como no de Proxecto Ríos e outros.

## **19.- PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

Todo proxecto, plan, pode e debe ser mellorado na medida na que as aportacións e iniciativas teñen lugar. Por isto entendemos que ao remate do curso, cada Equipo e Comisión existentes no organigrama do Centro, elaborarán a súa Memoria Final na que deberán avaliarse tódalas actividades realizadas e o grao de consecución dos obxectivos propostos na programación.

O Claustro de docentes avaliará o grao de cumprimento e execución da Programación Xeral Anual, con carácter previo á Avaliación que deberá realizar o Consello Escolar.

## **20.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN**

Desde a equipa de “formación” , xunto co CAFI e outras “asociacións, organizacións,... procuraranse ofertar cursos de formación, charlas informativas,.. para a Comunidade educativa. No momento de redactar e aprobar a presente “PXA”, imos realizar os cursos que se estipulen en canto “”metodoloxía polos cretivos” e “convivencia”, así como aqueles que vaiamos valorando oportunos, xa que ao remate da redacción do presente PXA non estaba pechado o prazo de solicitude de “formación”

Este curso, ao igual que en cursos anteriores, o centro vai participar no Proxecto Ríos e Voz Natura.

Desde a dirección do centro tratase de organizar diferentes charlas informativas para toda a “comunidade educativa”, así como proposta de seguimento das actividades da ENAPA.

Trataremos de por en funcionamento o “programa igualate” e “Plan director”

**21.- AS PROGRAMACIÓNS CURSO 23-24**, explícanse na aplicación PROENS.

**22.-PLAN DE CONVIVENCIA.** Adxúntase o Plan de convivencia, entrando en vigor ao día seguinte da aprobación da presente PXA

## **23.-EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

### **1.INTRODUCCIÓN**

### **2.OBXECTIVOS**

### **3.PROXECTO ANUAL**

### **4.CONMEMORACIÓNS ANUAIS**

### **5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

#### **1.Introdución:**

A importancia das actividades complementarias e extraescolares, parte da premisa de que consideramos unha educación de calidade, aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da calidade de vida, senón tamén da igualdade, xustiza e oportunidades para todos/as.

A formación do alumnado abarca múltiples facetas, pero existen aspectos que non teñen cabida no currículo ou non se profundiza neles. É necesario, polo tanto, contar cunha oferta de actividades paralelas o currículo prescritivo que colaboran na formación do alumnado. A aula non pode perder contacto coa realidade se o que pretende é preparar para esa realidade. A contorna tamén educa, polo tanto as nosas aulas necesitan saír a esa contorna.

Este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Ademais este tipo de actividades promove no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade na organización do tempo de lecer, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnado que nas materias escolares necesitan algún tipo de reforzo, e que moitas veces as actividades extraescolares danlle a oportunidade de destacar respecto aos seus compañeiros/as de maneira positiva.

Hoxe en día é importante mellorar as relacións entre alumnos/as e axudalos a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para conseguir este obxectivo, as actividades extraescolares e complementarias supoñen unha outra forma, alternativa e complementaria ao ensino formal .

Cada día máis, é necesario promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade, así como as actividades culturais e deportivas para que o noso alumnado amplíe o seu horizonte cultural, sobre todo pensando nunha parte importante do mesmo, que só tería acceso ás mesmas, a través da oferta proporcionada polo centro escolar.

Por todo isto, estas actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do noso centro educativo, integrándose axeitadamente no conxunto de actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

A programación é aberta, pode ser modificada, ampliada ou reducida, segundo sexa a valoración que dela se faga e das ofertas culturais que poidan xurdir ao longo do curso e que resulten de interese para completar a oferta e a formación do alumnado.

A organización e coordinación deste tipo de actividades correrán a cargo da Equipa de actividades complementarias e extraescolares, que este curso está constituída por:

- María Elena González Conde.
- María Teresa del Río Romero.
- Ana Caneda García.
- Almudena Ramírez Abal.
- María Isabel Blanco Quiñoy.
- Carlos Rey Calvo (coordinador)

## **2. Obxectivos:**

Os obxectivos están relacionados co desenvolvemento das competencias clave nun medio distinto ao habitual de aula.

- Promover a participación activa do alumnado nas actividades (organización e desenvolvemento) que impliquen unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo de lecer.
- Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral e que desenvolvan a autoestima dos alumnos/as.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno/a.
- Promover no alumno/a un sentimento positivo de pertenza ao centro e ao grupo.
- Mellorar as relacións entre os alumnos/as fora do ámbito académico e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Posibilitar o acceso ás actividades culturais e deportivas a todo o alumnado ampliando o seu horizonte cultural, coñecendo a súa contorna máis próxima.
- Reforzar os obxectivos curriculares a través da participación do alumnado poñéndose en contacto co seu medio natural e sociocultural.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen, conseguindo alumnos/as activos que sexan capaces de impulsar a súa propia formación “aprendendo, observando e realizando”.
- Exercer un efecto compensador das desigualdade sociais de moitos nenos/as que non teñen a posibilidade de desfrutar do tempo de lecer por falta de medios económicos, familiares ou carencias na súa contorna máis próxima.
- Promover e/ou coordinar actividades conxuntas para todo o Centro.
- Mellorar a convivencia, promovendo a participación en actividades conxuntas.
- Difundir as nosas tradicións (samaín, magosto, entroido, ...)
- Espallar as ofertas didácticas que xurdan dende o Concello e outros organismos (auditorio, museos, editoriais...).
- Desenvolver o espírito crítico e fomentar o interese dos alumnos/as por todo o que forma o noso mundo, de tal maneira que non se perciba o ámbito escolar como algo alleo e distante da propia vida.



- Impulsar actividades de grupo que esixan tarefas comunitarias que desenvolvan actitudes solidarias, tolerantes e sen discriminación de sexos, capacidades, culturas.
- Promover as competencias clave en ámbitos formais, non formais e informais.

### **3. Proxecto Anual : “Julio Verne”**

A Equipa de Actividades Complementarias e Extraescolares, reunida no mes de setembro, acordamos traballar conxuntamente coas outras equipas do Centro, coordinadas na COMISIÓN DE COORDINADORES , fixando as liñas xerais para todo o curso tendo en conta o PROXECTO DE CENTRO "Julio Verne".

As propostas de actividades da equipa de extraescolares relacionaranse co proxecto e dentro do marco das celebracións anuais, protagonizando aquelas que mellor se adaptan ás características e obxectivos da mesma.

As actividades van dirixidas a todo o alumnado do centro.

Serán, pois, as conmemoracións fixadas no calendario escolar un eixo arredor do que xiren moitas das actividades a realizar no presente curso, dando continuidade, por outra banda, a outras, iniciadas en cursos anteriores, e que se considera poden aportar resultados positivos aproveitables en diferentes aspectos da formación do noso alumnado.

### **4. Conmemoracións anuais:**

Teranse en conta as seguintes conmemoracións:

#### **31 de outubro: “Magosto e Samaín”.**

Pasarase información ao profesorado da organización e desenvolvemento das actividades acordadas para ese día:

- É o tempo do medo, dos días escuros, das historias de pantasmas, vampiros e tradicións.
- Pedir a os alumnos que participen nun concurso de” Arte Terrorífica” con debuxos, maquetas ou calquer tipo de manualidade con materiais da natureza excepto cabazas, que logo expoñeremos nos corredores ou na entrada do centro.
- Ese día veremos curtametraxes relacionadas co Samaín (ximnasio e biblioteca)
- Asaremos e comeremos as castañas.
- Repartiranse os premios sobre o concurso de” Arte Terrorífica”.
- Haberá unha actuación da Escola Municipal de Música de Padrón.

#### **25 de novembro: “Día Internacional contra a Violencia de Xénero”.**

En colaboración co Concello de Padrón, os alumnos do centro participaran nun concurso de debuxo.

#### **Nadal:**

Haberá diferentes actividades organizadas axeitadas coa data, como a visita dos Reis Magos, visionado de películas, xogos populares e contacontos, Buzón de cartas, badaladas para despedir o ano...

#### **30 de xaneiro de 2024: “Día Escolar da non Violencia e da Paz”.**

Poderase pasar información ao profesorado para que poida traballar o tema na aula, adaptada aos diferentes niveis.

Ademais, realizarase un debuxo- mural relacionado co día da Paz.

#### **9 de febreiro: “Entroido”.**

Farase partícipe a toda a comunidade escolar da festa do Entroido. Realizaranse distintas actividades no centro e un desfile polas rúas de Padrón.

Saídas complementarias:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares irá recollendo, ao longo do curso, toda a información sobre actividades ou saídas que os distintos organismos vaian proponendo. Esta información poñerase ao servizo do profesorado para que poida decidir se realiza a actividade ou non.

Estará colgada na cortiza que hai na sala de profesorado, se fora preciso.

**5. Seguimento e avaliación:**

En datas próximas á realización dunha actividade, reunirase o equipo de actividades complementarias e extraescolares para concretar cada unha das propostas e organizar do mellor xeito posible a actividade común.

Posteriormente á realización da actividade farase unha valoración de cada unha delas tanto en participación como en aproveitamento e incluíranse propostas de mellora para ocasións e/ou cursos posteriores.

Cabe ter en conta uns indicadores en cada unha das actividades, que a nivel xeral, responderán ao seguinte esquema común:

- Propostas aceptadas.
- Índice de participación.
- Adecuación do momento da actividade.
- Organización.
- Dificultades atopadas.
- Propostas de mellora.

Ao final de curso elaborárase unha memoria deste equipo que recolla as actividades levadas a cabo, os datos obtidos e plantexa as dificultades atopadas e as propostas para solventalas.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

## **23.- PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE**

Este curso 2023/24 ademais dunha especialista en Pedagogía Terapéutica e outra especialista en Audición e Linguaxe contamos cun segundo AL no centro que vai atender ao alumnado do centro así como ao alumnado das escolas unitarias adscritas ao noso Departamento de Orientación.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

Para levar a cabo o noso traballo de forma coherente debemos establecer unhas accións prioritarias nas que basear as nosas decisións, con respecto a:

#### **CENTRO:**

- Coordinarse co DO e demais profesorado nas actuacións individuais que se vaian realizar co alumnado.
- Colaborar na elaboración de documentos conxuntos do propio centro: PXA, memoria anual, memoria do DO, programacións e/ou adaptacións do currículo.

#### **PROFESORADO:**

- Asesorar e participar na planificación, intervención e avaliación dos apoios específicos de PT e AL.
- Colaborar co resto do profesorado así como co xefe do departamento de orientación para establecer unha metodoloxía e avaliación axeitadas ao alumnado NEAE así como a colaboración na elaboración das adaptacións curriculares que se precisen.

#### **FAMILIAS:**

- Mellorar a relación comunicativa coas familias do alumnado, o profesorado e todas as persoas que formamos a comunidade educativa a fin de levar todos e todas a mesma liña de actuación.
- Recoller información sobre o desenvolvemento xeral do alumnado con NEAE e todos aqueles aspectos relevantes para avanzar no seu proceso educativo.
- Implicar e impulsar a participación da familia ofrecendo pautas concretas de actuación.
- Establecer canles de comunicación efectivas e continuadas.
- Orientar ás familias naqueles aspectos que favorezan o proceso de intervención que se está a levar a cabo.

- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presentan na educación dos seus fillos/as.

#### ALUMNADO:

- Participar no proceso de identificación das necesidades de apoio educativo dos alumnos e alumnas.
- Ofrecer unha resposta educativa personalizada, en función das características individuais, estilo de aprendizaxe e necesidades específicas de apoio educativo de cada alumno ou alumna.
- Colaborar nos procesos de prevención de alteracións da comunicación e linguaxe.
- Planificar a intervención a través de actividades lúdicas motivadoras, variadas e funcionais, que permitan o desenvolvemento do alumno ou alumna a nivel persoal, escolar e social.
- Fomentar o desenvolvemento do autoconcepto e da autoestima do noso alumnado.
- Fomentar a integración dos alumnos/as ANEAE no centro.

#### AXENTES EXTERNOS:

- Coordinar as actuacións do alumnado que asiste a diferentes entidades coas que ten convenio a Consellería de Educación.
- Colaborar con aqueloutros axentes cando as familias así o autoricen.

#### **1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- Mellorar os aspectos cognitivos básicos de atención, percepción e memoria.
- Desenvolver as bases funcionais que inciden na produción oral da linguaxe: conduta respiratoria, discriminación auditiva, motricidade bucofonatoria, ritmo, etc.
- Optimizar o desenvolvemento da linguaxe nos aspectos fonolóxicos, semánticos, morfosintácticos e pragmáticos.
- Facer o uso social da linguaxe en contextos variados (pragmática).
- Desenvolver o proceso lectoescritor.
- Adquirir destrezas de razoamento lóxico-matemático.
- Xeneralizar o aprendido a outros contextos nos que se desenvolva o alumno ou alumna.

## **2. ACTIVIDADES**

As actividades didácticas programadas a realizar na aula de apoio poden clasificarse atendendo a diferentes criterios:

### **En función do seu papel na situación específica de aprendizaxe**

- Como motivación ó tema do centro de interese.
- Como reforzo dos contidos e para os/as alumnos/as que requiren apoios complementarios.
- Como información dun tema concreto.

### **En función do agrupamento do alumnado:**

- Individualmente.
- En pequeno grupo.
- En gran grupo.

### **En función do contido:**

#### **Para mellorar a capacidade de relaxación e respiración:**

Actividades de control do ton muscular.

Actividades de relaxación.

Actividades de estruturación espacial e corporal.

Actividades traballadas para acadar os obxectivos específicos, tendo en conta que un mesmo exercicio pode traballar ao mesmo tempo varios obxectivos.

#### **Para mellorar a capacidade de atención, concentración e memoria:**

Memorys.

Buscar erros.

Aprender retrosos de cancións.

Contos interactivos.

Labirintos.

Inventar historias usando imaxes.

Dominós de campos semánticos.

Observación de escenas con apoio visual, enumerar o que recorde.

#### **Para mellorar a discriminación dos fonemas e a conversión fonema-grafema:**

Discriminación de pares fonolóxicos similares.

Ditado de palabras coñecidas e descoñecidas.

Deletreo.

Adición e supresión de sons dentro da palabra.

Rimas.

**Para aumentar o nivel léxico**

Tarxetas de léxico.

Descricións.

Conceptos básicos.

Xogos tipo “vexo, vexo”.

Preguntas de comprensión global e específica sobre contos.

Resumos.

Aprendizaxe dos meses do ano.

Completar oracións.

**Para favorecer unha estruturación sintáctica axeitada á súa idade:**

Ordenar frases mediante pictogramas.

Fichas de secuencias temporais.

Escoller a frase máis axeitada ao debuxo.

Acadar o concepto de palabra.

**Para acadar velocidade lectora**

Lectura en voz alta de diferentes tipos de texto e con diferentes grafías.

Lectura de palabras illadas.

Lectura de palabras coñecidas.

**Para coñecer as regras ortográficas básicas**

Adquisición da regra ortográfica, no caso da ortografía arbitraria.

Completar unha palabra coa letra axeitada.

Escritura de frases coas palabras en cuxa ortografía presenta problemas.

Ditado de palabras.

**Para mellorar o uso da linguaxe:**

Diálogos.

Narración de contos.

Conversación libre.

Xogo simbólico.

Creacións propias con recorrencias léxicas e sen elas.

**Para mellorar a comprensión oral e escrita**

Identificación de ideas principais e secundarias.

Preguntas sobre lecturas ou discursos orais.

Realización de inferencias.

Seguimento de instrucións verbais.

**Para realizar correctamente o cálculo numérico básico:**

Bingos e ocas.

Fichas de cálculo.

Calculadora, para comprobar resultados.

Reconto de obxectos.

Xogos con dados.

Xogos no ordenador.

Ábaco.

Regretas de Cuisenaire.

Sistema monetario.

Xogos con dados.

**Para saber extraer os datos precisos e realizar as operacións necesarias para resolver problemas sinxelos:**

Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá.

Formulación de problemas co esquema marcado para seguir a realización do mesmo.

Resumo dos mesmos eliminando os datos superfluos.

Representación dos problemas mediante debuxos.

Análise e reflexión do proceso de resolución (primeiro a nivel oral e logo por escrito).

Realizar xogos de rol simulando os problemas formulados.

Composición de problemas a partir de modelos dados para resolver.

Exemplificación e representación dos datos dos problemas con obxectos da aula (moedas, lapis...).

**Para coñecer as horas tanto no reloxo analóxico como no dixital:**

Construción do reloxo analóxico.

Equivalencia 24 horas no dixital, 2 voltas das agullas no analóxico.

Fichas das horas.

Presentación de problemas nos que estean implicadas as horas.

Xogos no ordenador [www.edu.xunta.es/recursoseducativos](http://www.edu.xunta.es/recursoseducativos)

**Para entender o concepto de fracción para operar con ela, así como as porcentaxes e os números decimais:**

Presentándoa como parte dun todo.

Escala de mapas.

Recetas de cociña.

Ampliacións e reducións na fotocopiadora.

Calculadora.

Regras graduadas.

Dominós de fraccións.

Folletos con descontos.

Prezos de diferentes obxectos traballando o sistema monetario.

### **3. RECURSOS DIDÁCTICOS**

Materiais para favorecer o desenvolvemento da **atención e memoria**: lotos, fichas de atención, barallas, lotería de ideas...

**Material para favorecer o desenvolvemento da linguaxe:**

Para a respiración e sopro: xabón líquido, pitos, pallas, globos, candeas, pelotas, papel de seda.

Para traballara relaxación: alfombra/colchoneta.

Para o compoñente fonético fonolóxico: luvas e depresores linguais, espello, fichas para a discriminación auditiva e visual de sons do entorno e de fonemas.

Ordenador, impresora, tableta, robots educativos, programas informáticos específicos e xogos de ordenador axeitados para cada alumno/a.

Puzzles, dominós, letras con distintas texturas, abecedarios de madeira, encaixables, xogos de asociación, memorys...

Libros e láminas de imaxes para traballar a expresión oral e o vocabulario

Barallas temáticas de imaxes

Xogos para a formación de oracións

Xogos para traballar a compoñente pragmática: cocinita, supermercado...

**Material para desenvolver a lóxica matemática:**

Cubos para contar, loto de cálculo, xogos de mercado, xogos de resolución de problemas con diferentes desafíos (Smart games)...

**Material para desenvolver a motricidade:**



Para desenvolver a percepción espacial: fichas de orientación espacial,...

Para desenvolver a percepción temporal: calendario, reloxo, viñeta

Para desenvolver o ritmo: pandeireta, frauta...

Para desenvolver a motricidade grossa: saquiños de area, tacos de plástico, anillas, pelotas....

Para desenvolver a habilidade, coordinación manual, e grafomotricidade: punzóns, clavixas, lás...

#### **4. RELACIÓNS DE COMUNICACIÓN**

Concretando as posibilidades que se poden dar na aula diremos:

- Que a información comunicativa non proveña exclusivamente do mestre ou mestra senón de diversas fontes.
- Que o profesorado formule interrogantes ó alumnado.
- Que se produza a necesaria empatía entre a profesora e o/a alumno/a a fin de que o proceso de adaptación á nova situación, non provoque rexeitamentos.

#### **5. ORGANIZACIÓN**

##### **Organización espacial dos grupos.**

- A ubicación do alumnado e do profesorado de apoio ten que ser flexible, atendendo a actividade proposta e ás necesidades do momento.
- Tarefas en pequeno grupo ou traballo individual.
- Tarefas en gran grupo.
- Seguiremos prestando o noso apoio e colaboración ó profesorado dos diferentes niveis, co fin de orientalos acerca daquel alumnado que presenta algún retroceso no proceso de aprendizaxe.
- Por outro lado asesoraremos igualmente ó profesorado do Centro á hora de elaborar as listas de aqueles/as alumnos/as que precisen actividades de reforzo, deseñando un programa de intervención en aquelas áreas nas que presenten maior dificultade.

### **Temporalización.**

#### **Primeiro trimestre**

Durante o primeiro mes do curso centraremos o noso traballo, en repasar os contidos do curso anterior cun dobre obxectivo, por unha banda comprobar que non foron esquecidos, e por outra, afianzalos para, a continuación, comezar os novos contidos do nivel no que estea escolarizado o discente. Do mesmo xeito faremos observacións sistemáticas daquel alumnado que por primeira vez vai recibir o noso apoio, co fin de obter un coñecemento directo das peculiaridades que presenta; contrastando os xuízos emitidos nos informes co desenvolvemento destes/as na aula. No presente curso prestaremos especial atención a detectar as necesidades derivadas da situación vivida durante o confinamento.

#### **Segundo e terceiro trimestre**

A nosa tarefa estará centrada en desenvolver e intensificar o traballo co alumnado nas áreas que integran os diferentes niveis en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento formulados. O longo de todo o curso o profesor/a titor/a actuará en coordinación co profesorado de apoio, e co Orientador, programando as actividades conxuntamente. Para iso tentaremos asignar, dentro do horario, algunha sesión adicada a tal fin.

### **Organización de reunións con distintos membros da comunidade educativa.**

#### **Reunións co profesorado.**

A principio de curso manteremos unha reunión cos/as titores/as para dispor da información necesaria para elaborar o programa de intervención ó ANEAE. Ditos contactos manteranse ao longo de todo o curso, sendo necesaria como mínimo unha reunión ao trimestre para analizar os progresos do alumnado.

### **Reunións coas nais e pais.**

Será necesario manter contactos periódicos coas familias do alumnado, sendo obrigada unha reunión, chamada ou videoconferencia en cada trimestre. Ademais de todas as que a familia ou equipo docente solicite.

### **Reunións co Departamento de Orientación.**

Levarase a cabo unha reunión semanal, na que se abordarán temas como resultados das avaliacións psicopedagóxicas realizadas nese período, posta ao día sobre informes remitidos polas familias de servizos externos, actuacións a levar a cabo, seguimento do alumnado atendido polo D.O.

## **7. METODOLOXÍA**

Os nosos principios metodolóxicos favorecerán o desenvolvemento de todo o alumnado, entre eles destacamos os seguintes:

- Deseño de tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica das diferentes competencias do alumnado.
- A priorización do uso das Tics como recurso didáctico.
- Desenvolvemento do pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.
- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo, cooperativo e en equipo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No

proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

## **8. CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS DE APOIO**

Para a elaboración de horarios teremos en conta principalmente as características do noso alumnado establecendo a seguinte prioridade:

1. Alumnado con NEE
2. Alumnado con ACS.
3. Alumnado con NEAE con algún tipo de diagnóstico e que precise de apoio por parte do D.O.
4. Alumnado con NEAE sen diagnóstico e que precise de apoio por parte do D.O.

A cantidade de horas de apoio virá determinada pola necesidade educativa do alumno/a (maior necesidade, máis sesións de apoio) e dispoñibilidade horaria das especialistas de PT e AL.

Distribuiranse as sesións de apoio, procurando non aglutinalas seguidas, senón ao longo da semana. Do mesmo xeito, o profesorado titor/a deberá acomodar o horario á materia ou área que se vai reforzar para os apoios dentro da aula segundo o programa de actuación (linguas ou matemáticas). As sesións de apoio fóra da aula ordinaria nunca coincidirán co horario estipulado para as áreas de música, inglés, relixión, educación física e educación artística.

As intervencións específicas das especialistas de PT e AL serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor/a do

grupo ao que pertence o alumno/a. Tales actuacións levaranse a cabo na medida do posible na aula ordinaria xunto co resto do alumnado do grupo e nas aulas específicas durante un tempo que nunca excederá a terceira parte da xornada escolar tal e como se establece na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 9. AVALIACIÓN

Partiremos da consideración da avaliación como un proceso ininterrompido que servirá de guía ao longo da aprendizaxe do alumnado para adecuar e mellorar a axuda pedagóxica.

Ao comezo do curso faremos unha **avaliación inicial** de cada alumno para coñecer o nivel de competencia curricular, que xunto aos informes finais emitidos o curso anterior servirán de punto de partida da elaboración do programa de intervención e servirá de base para a elaboración das A.C. pertinentes.

Ademais, farase unha **avaliación continua** mediante a observación, reflexión cooperativa, probas específicas e o traballo diario do alumnado. Rexistraranse os avances e os retrocesos que se realicen. Trimestralmente informarase nas sesión de pre-avaliación e de avaliación do progreso do alumnado.

A finais de curso elaborárase un **informe final**, establecendo o desenvolvemento logrado e terá un valor de pronóstico para o seguinte curso académico.

Realízase unha avaliación da práctica docente para verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características educativas do alumnado e realizar as melloras pertinentes na actuación docente cun carácter continuo e formativo.

Os instrumentos que serán empregados para facer ditas avaliacións irán dende as probas de rendemento ata a observación sistemática, a análise das produción dos alumnos, a autoavaliación, etc.

**Criterios de avaliación:**

- Adecuación ás necesidades detectadas no centro.
- Nivel de implicación dos pais.
- Grao de cumprimento das liñas prioritarias establecidas e dos obxectivos.
- Grao de adecuación e aproveitamento dos recursos e materiais.
- Nivel de participación, colaboración e satisfacción.
- Autovaloración e reflexión do propio traballo.
- Coherencia entre obxectivos , actuacións e programas.
- Si se conseguiu unha integración real ou meramente física, aspectos favorables e desfavorables.
- Obxectividade.
- Funcionalidade da práctica docente.

**10. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A presente programación será revisada como regra xeral:

- Ao remate de cada curso escolar.
- Sempre e cando se incorporen novos ANEAE que aconsellen cambios organizativos ou curriculares.
- Cando os resultados non sexan os esperados e haxa que marcar novos obxectivos.
- Á hora de avaliar a programación teremos en conta a seguinte ficha de valoración:

## **FICHA DE VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA**

1. Selección do alumnado (Proceso seguido, criterios, grado de acerto na selección, etc.)
2. Coordinación entre o profesorado de apoio e o profesor titor ou de área (na selección dos obxectivos, contidos, procedementos de avaliación do alumnado, nos criterios metodolóxicos).
3. Validez dos materiais empregados (libro de texto, recursos TIC, outros materiais, etc.).
4. Adecuación das formas de agrupamento (número de alumnos, homoxeneidade-heteroxeneidade nos grupos, etc.).
5. Adecuación do lugar do reforzo (aula específica, aula ordinaria, ...).
6. Valoración xeral (grado de eficacia, grado de cumprimento das sesións de reforzo programadas ...).
7. Outras observacións: (aspectos que funcionaron correctamente, cambios pertinentes naqueles outros non avaliados positivamente.).
8. Propostas de mellora.



## 24.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE EDLG PARA O CURSO 2023/2024

TÍTULO DA ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Mantemento da páxina Web do centro e do blog.	TODO O CURSO
Conmemora coa familia rosaliana	
Coñecendo Galiza	
Cinema Rosalía	
Lambetixolas	
A Galebiblio	
Conectamos lecturas en Galego	
Samaín e Magosto	OUTUBRO
Mes da Ciencia en Galego (Expo QR Científicas Galegas)	NOVEMBRO
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	
Cartas de Nadal	DECEMBRO
Calendario EDLG	XANEIRO
Día da Paz	
Entroido	FEBREIRO
Quérote en galego!	
Eu son Rosalía (Día da lingua nai) + 8 marzo	
AELG	
Día Mundial da Natureza (3 marzo) VOZ NATURA	MARZO <b>Natugalégate</b>
Día Mundial dos Ríos (14 marzo) PROXECTA RÍOS	
Día Mundial da Auga (22 marzo) NATURA+PROXECTA	
Día do Libro	ABRIL
Semana da Prensa	
Galipoemas de Luísa Villalta	MAIO
As Letras Galegas	

### **1. A PÁXINA WEB e BLOG ( todo o curso)**

Este ano seguiremos dinamizando o uso do galego a través da páxina web e do blog facendo delas unha ferramenta de uso habitual na nosa comunidade educativa, así como empregalos como medio de comunicación e unión entre as familias e o colexio.

### **2.CONMEMORA COA FAMILIA ROSALIANA (Todo o curso)**

Trátase de que o alumnado dun grupo determinado, se encarguen de ensinarlle ao resto do colexio e implicalo nas conmemoracións que se celebran durante o curso.

Para isto, cada titor/a elixirá a conmemoración que quere preparar co seu grupo para facer unha exposición, traballo, obra de teatro, vídeos... sobre ela ao resto do colexio. Con posibilidade de utilizar calquera tipo de soporte (terán preferencias o uso das TICs e novas ferramentas tecnolóxicas.

### **3.COÑECENDO GALIZA (Todo o curso)**

Continuaremos *Coñecendo Galiza* un curso máis. Pediremos que o alumnado nos envíe fotos ou vídeos dos distintos lugares que visitou da nosa comunidade.

Coa colaboración das familias, faremos unha montaxe audiovisual para coñecer un pouco mellor Galicia. As súas aportacións serán enviadas a través dunha dirección de correo electrónico e deben indicar o nome do neno ou nena, o lugar e o porqué da súa recomendación.

### **5.LAMBETIXOLAS ( Todo o curso)**

A idea fundamental é que os nenos e nenas sexan quen de expresarse axeitadamente, en galego, mentres indican os pasos a seguir e elaboran un prato de comida. Farán de *chefs* por un momento.

Investigarán sobre os alimentos, as súas combinacións e os hábitos de hixiene para medrar sans e fortes.

Esta actividade está pensada para que poida participar toda a comunidade educativa. Poderán participar dende as súas casas gravando o vídeo, facendo a comida mentres explican como se fai e logo a “lamber a tixola”.

Será unha experiencia única para pais/nais e fillos/as. Desta maneira, traballan en equipo e comparten experiencias e aprendizaxes.

Con esta actividade, traballaremos varias das competencias clave de forma lúdica e divertida.

Os vídeos achegados pola comunidade educativa e os feitos no colexio subiranse á nosa web e ao blog dentro da sección que chamamos “Lambetixolas”.

## **7.CONECTAMOS LECTURAS EN GALEGO**

A través de vidoconferencia con algún ou algúns centros da comarca de Padrón (Comarca de Sar), levaranse a cabo lecturas que uns nenos/ lerán para os alumnos/as dos outros centros. Contos en galego que cada centro elixirá as veces relacionados coas festividade do mes. No noso centro creárase un código QR que se pegará na portada do conto e nos conducirá ao audio do conto que favorecerá a lectura do mesmo e entretemento escoitando aos compañeiros contar o conto cando se elixa como préstamo da biblioteca.

## **8.SAMAÍN E MAGOSTO**

- Música ambiente desta temática no centro durante esta semana
- Cantigas temáticas para traballar nas aulas
- Axuda na exposición de libros en galego do mesmo
- Info sobre rutas mitolóxicas (Monte Viso) ou actividades cercanas da contorna a través dun código QR
- Xogos populares para o Magosto
- Lambetixolas

## **10. 25 DE NOVIEMBRE:DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

En colaboración co equipo de biblioteca e equipo de actividades extraescolares e complementarias prográmanse as seguintes actividades para conmemorar este día:

- Exposición de contos no hall do centro relacionados coa temática para tratar nas distintas aulas.
- Decoración a árbore da non violencia na cal se colgarán lazos feitos con papeis de periódico, pintados de morado e con palabras galegas contra a violencia de xénero.

### **11.CARTAS DE NADAL**

Unha caixa para que cada alumno/a meta a carta dentro e gravalo para colgar por cursos

### **12.CALENDARIO EDLG (2024)**

Calendario interactivo en Canva onde saen todas as aulas e con refráns en galego. Facemos relación con algún proxecto do centro (curso escolar, proxecta ríos, voz natura, etc)

### **13.DÍA DA PAZ**

-Contos en galego relacionados

-Fío musical desta temática

- A nivel de centro traballaremos co conto “ O lapis máxico de Malala”. O cal será lido por todas as mestras/es do centro e persoal non docente do centro no salón de actos o día 30, para todo o alumnado do centro e cunha proxección en pantalla dixital.
- Partindo da idea do lapis realizarase un abecedario da paz sobre o molde dun lapis e utilizando a técnica do Lettering para escribir as palabras. Con todos crearase un libro que será exposto na biblioteca do centro.
- Algunha actividade relacionada coa natureza que se chame “Sementando Paz”

### **13.ENTROIDO**

-Mandas do meco

-Recordar receitas no Lambetixolas ou publicar algunha

#### **14. QUÉROTE EN GALEGO**

-Concurso online sobre as diversas formas do querer, do respecto e das relacións persoais.

#### **15. EU SON ROSALÍA e 8 DE MARZO**

Para conmemorar este día propónse realizar as seguintes actividades:

- O día 23 de febreiro levarase a cabo como no curso pasado a plantación de flores de pensamentos en referencia as flores que máis lle gustaban a Rosalía. En colaboración co equipo de Voz Natura todo o alumnado participará na plantación dos pensamentos que se colocarán en distinta partes do colexio.
- Esta idea irá acompañada da creación duns poemas por clase relacionados co entorno natural do centro e que se pendurarán cerca dos plantas que se plantaron.
- Realización chapas
- Tendo en conta a celebración do 8 de marzo, que está próximo ao Día de Rosalía, realizarase unha exposición “As nosas Rosalías” con código QR para homenaxear a esas *mulleres traballadoras* que destacan nalgún aspecto artístico de Galicia: músicas, pintoras, escultoras, escritoras, deseñadoras, compositoras, directoras, creadoras visuais, etc.
- O alumnado de infantil e primaria dende a biblioteca do centro tamén gozará dunha visita virtual a casa museo de Rosalía de Castro. A través da páxina web [www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal) da fundación Rosalía de Castro.
- Cancións referentes no fio musical desta escritora galega como as adicadas no Cd “Rosalía 21” de Abe Rábade quartet & Guadi Galego e Anxo Agueira para que comprendan e vexan o uso das nosas músicas e da nosa lingua en manifestacións artísticas contemporáneas.

#### **16. DÍAS MUNDIAIS DA NATUREZA, DOS RÍOS E DA AUGA (marzo)**

Deseñaranse actividades que fomenten a lingua galega e o respecto e coidado de recursos tan necesarios como a auga, a natureza e o río Sar (que temos tan preto da nosa contorna).

Conxuntamente aos proxectos que están activos neste centro como Voz Natura e Proxecta Ríos, e usando a música como eixe vertebrador, crearanse unha serie de pezas musicais ou cantigas personalizadas para dar voz e concienciar da necesidade de mellora da nosa contorna natural máis próxima.

### **17. DÍA DO LIBRO E SEMANA DA PRENSA (mes de abril)**

Xunto ao equipo de Biblioteca, farase especial fincapé en crear actividades que fomenten a lectura na nosa lingua nai e que traballen aspectos fundamentais de todo o que nos aporta a prensa: curiosidade, respecto nas diferentes opinións, coñecemento do artigo, partes dun periódico.

### **18. GALIPOEMAS DE LUÍSA VILLALTA E LETRAS GALEGAS (mes de maio)**

Durante o mes de maio, en primeiro lugar, traballaranse diferentes poemas da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024 (Luísa Villalta) para musicalos na materia de Música.

En segundo lugar, elixirase algún curso o cursos do centro para que compartan unha sesión por videoconferencia con outro centro da contorna e así poidan compartir un momento de lecturas sobre poemas da autora homenaxeada.

E finalmente, facilitaráselle a todos os cursos do centro (tendo en conta o seu nivel) os diferentes recursos que diseña anualmente o Seminario Galán durante as datas próximas ao 17 de maio para que as diferentes aulas poidan traballar os aspectos máis salientables da autora.

Salientar que durante este curso 2023/2024, o equipo de Dinamización da Lingua Galega traballará activamente en coordinación continuada cos equipos de Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares e equipo de TIC's

P.X.A – CEIP Rosalía de Castro (Padrón)

integrando en diversas actividades anuais os proxectos VOZ NATURA e PROXECTO RÍOS.

Ademais, pensarase no proxecto de centro JULIO VERNE como eixe vertebrador do que parte ou onde conflúen as diferentes datas conmemorativas deste curso 2023/2024.

**25.- ACTIVIDADES ANPA**

**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS C.E.I.P. ROSALÍA DE CASTRO –  
PADRÓN [anpa.rosalia.padron@hotmail.com](mailto:anpa.rosalia.padron@hotmail.com)**

# Programación xeral anual

## CURSO ESCOLAR

2023 – 2024

Setembro de 2023

### **INDICE**

- **INTRODUCCIÓN.....**
- **ORGANIZACIÓN E COMPOSICIÓN DOS MEMBROS DA ANPA.....**
- **OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN.....**
- **ORGANIZACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES.....**
- **COMUNICACIÓNS CO CENTRO EDUCATIVO.....**



## **1. INTRODUCCIÓN**

O CEIP Rosalía de Castro está situado no concello de Padrón.

A Anpa Rosalía de Castro, presenta no seguinte documento a programación xeral anual que se levará a cabo no vindeiro curso escolar 23-24.

As e os compoñentes deste ANPA queremos que todas as familias se sintan parte dun centro e poidan dunha ou doutra forma formar parte da vida nun contexto educativo das súas fillas e fillos, colaborando e buscando vías de colaboración co centro educativo, buscando unha vinculación das familias no centro, formando parte del tal e como se establece na lexislación vixente, tanto no novo Decreto 150/22 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil, na Comunidade autónoma de Galicia, como no Decreto 155/22 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as dinámicas que se xeren no centro son consensuadas co equipo directivo e agardamos poder levar a cabo cada vez máis garantizando un carácter pedagóxico nos contidos enriquecendo propostas do centro en beneficio de todas as alumnas e alumnos do centro educativo. Esta PXA será aprobada mediante un consello escolar e levaranse a cabo no presente curso, no caso de xurdir algunha modificación ou proposta de interese será presentada no centro ao equipo directivo e reflectirase a modificación na memoria anual que se presentará no último consello escolar do mes de xuño.

## **2. ORGANIZACIÓN E COMPOSICIÓN DOS MEMBROS DA ANPA**

As e os compoñentes desta ANPA organizámonos para poder levar a cabo o contacto con monitores, relatores, concello, centro educativo, empresas de ocio e tempo libre, preparando documentos e folletos informativos de cara as familias, difusión por medios dixitais, preparación de festas, obradoiros,,reconto de socias e socios,...

Neste momento as e os compoñentes son os seguintes:

### **DIRECTIVA DA ANPA 2022/23**

Presidente: Jose Vázquez Montero

Vicepresidenta: Rocio Campaña Laiño

Secretaria: Eva Fabeiro Buceta

Tesoureira: María Vidal Beteta

Vogal: Clemencia Luisa Ríos Moreiras

Vogal: Silvia Carollo Vila

Vogal: Ruben Dacuña López

Vogal: Lidia Martín Rego

Vogal: Vanessa Loureiro García

Vogal: Guillermo Reboiras

Vogal: Pilar Angueira Suarez

Vogal: Beatriz Porrúa Refojo

Vogal: M<sup>a</sup> Eugenia Regueira Miguéns

Vogal: Silvia González Baleirón

### **3.OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN**

Un dos obxectivos principais é formar parte da educación das nosas fillas e fillos, colaborando activamente no centro, onde as familias nos sintamos unha parte implicada e dinámica traballando na mesma liña.

Outros dous obxectivos son:

- Traballar na coeducación tendo en conta que non existan estereotipos nos centros educativos e cada nena/o elixa actividades en función dos seus intereses, favorecendo e potenciando a expresión corporal en todas as dinámicas que se plantexan..
- Educar en valores, onde o respecto forme parte das actividades extraescolares, escollendo con moito coidado as e os monitores que van a estar coas nosas fillas e fillos.

Ademais como ANPA temos marcadas diversas liñas de acción entre as que destacamos:

- Comezo de actividades dentro do centro educativo, para o vindeiro curso temos planificadas; no mes de marzo, planificaremos unha xincana de búsqueda de ovos de pascua coas nenas e nenos de todo o colexio, no mes de Maio, tendo en conta a conmemoración das letras galegas, contar coa axuda dun grupo folclórico que enriquezca culturalmente o coñecemento das nosas fillas e fillos. Acórdase co centro o horario sendo esta dinámica en horario lectivo para que dispoñan de tempo de ocio, tendo en conta que é unha actividade cultural e que de tradición, tal

e como establece a lexislación vixente tanto de educación infantil como de educación primaria.

- Axuda da conciliación da vida familiar e laboral co amplo abano de posibilidades de actividades extraescolares. Neste curso o obxectivo foi propoñer actividades relacionadas coa expresión corporal en todas as súas vertentes artísticas e de expresión. No caso de inglés este ano solicitamos que sexa a través de xogos e propostas dinámicas, non será a nivel gramática so a nivel oral.
- Integrar a todas as familias nas dinámicas ofertadas pola ANPA para poder pasar tempo de ocio e de calidade no centro, compartindo tempos en familia.
- Mellora da comunicación coas familias a través da páxina web do centro educativo, a a través de mails das familias ata acadar o maior número de contactos posibles. A maiores neste curso temos como medio de difusión o insagram e o facebook, ademais do teléfono da Anpa onde se facilitará toda a información. Este curso serán os medios de comunicación principais.

Creemos na vital importancia do movemento, ocio e esparcemento das nenas e nenos, considerando a necesidade dunha vida saudable onde o movemento e a diversión formen parte da elección por parte das e dos nenos nas actividades, estes tempos de actividades extraescolares, pensamos que deben de partir dunha motivación e interese por parte do neno, onde poñen en manifesto as súas destrezas e habilidades, para nos como ANPA é imprescindible que o neno/a disfrute mentras aprende xa que o medio por natureza da aprendizaxe é o xogo, e é unha sinal de identidade que queremos enmarcar na nosa planificación.

Así propuxéronse as seguintes actividades:

- Zumba
- Inglés
- Teatro
- Patinaxe
- Acrobacias
- Tenis

- Cociña
- Baloncesto
- Danza urbana
- Voleyball
- Pintura

#### **4.ORGANIZACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES**

Procuraremos ampliar a oferta de propostas sempre que o centro o permita e en función do número de socias e socios dos que se dispoña. Así temos planificadas dinámicas ao longo do curso que se concretizan do seguinte xeito:

No mes de Outubro organizaremos unha andaina coas familias xa planificadas no curso anterior, para dar cabida a coñecer por parte das e dos nenos o noso contorno e a cultura que se enmarca no noso pobo, xa está falado do curso anterior co Concello e coa oficina de turismo e están abertos a colaboración.

No mes de Decembro realizarase de novo un obradoiro de adornos de nadal.

No mes de Febreiro en conmemoración co entroido realizaremos un obradoiro en familia de filloas ademais dun taller de caretas para as nenas e nenos que desexen participar. Garantindo a interxeracionalidade, contaremos cunha bisavoa para facer filloas, nais/pais axudantes en obradoiros e nenas e nenos participativos de dinámicas.

No mes de Marzo faremos a busca de tesouros de ovos de pascoa a través dunha xincana.

No mes de Abril realizaremos unha segunda andaina coñecendo a cultura do noso pobo.

No mes de Maio tendo en conta a conmemoración das letras galegas, levaremos ao centro un grupo folclórico para enriquecer con cultura tradicional o día das nosas fillas e fillos.

No mes de xuño realizaremos unha festa de fin de curso, unha sorpresa a determinar para as socias e socios e colaboraremos co cole/familias na organización da excursión de fin de curso(tema pendente a concretar co centro educativo).

No mes de xuño enviarase circular propoñendo o concilia verán que so poderá ser de uso no mes de **xullo e agosto**, no mes de xuño e setembro non se podería facer uso das instalacións por estar o equipo do centro traballando e ocupando as diversas instalacións.

Pendente de concretar data, este ano realizaremos coas socias e socios da Anpa unha excursión ao fogar do burro, pasaremos un día en familia, nun entorno natural onde nos explicaran os beneficios de estar en contacto coa natureza e cos animais e todos os aportes que nos poden beneficiar na nosa vida.

### **PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

Para o curso escolar 2023-2024 a Asociación de Nais e Pais do C.E.I.P Rosalía de Castro de Padrón solicitamos ó consello escolar do C.E.I.P Rosalía de Castro autorización para o uso dalgunha aula para as actividades de inglés, comedor para cociña, biblioteca para pintura e o ximnasio para a actividade de zumba kids. Tanto patinaxe como tenis realizaranse no patio cuberto.

As actividades que en principio si se levarán a cabo e os horarios establecidos son os seguintes:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
INGLÉS 15:45 A 16:45		INGLÉS 15:45 A 16:45	PINTURA/ARTE 15:45 A 16:45	ZUMBA KIDS 15:45 A 16:45
PATINAXE 15:45 A 16:45		BOLEYBALL	TENIS 15:45 A 16:45	COCIÑA 15:45 A 16:45
TEATRO		ACOBACIAS	DANZA URBANA	
			TENIS	BALONCESTO

Sobre o uso das instalacións, a ANPA comprométese a deixalas no mesmo estado en que se atopan no momento de acceder as mesmas, tamén informamos que en caso de atopar algún desperfecto ou deterioro das instalacións/materiais, o centro deberá informarnos, xa que dispoñemos dun seguro de responsabilidade civil que cubre os danos a terceiros. Si se detectara que o deterioro é polo mal uso das mesmas, tomaríanse as medidas pertinentes co persoal responsable.

## **5.COMUNICACIÓN CO CENTRO ESCOLAR**

A comunicación co centro escolar é fluida tanto co equipo directivo enviando comunicacións ás familias a través do abalar e co conxerxe o cal colabora sempre reapiartindo circulares, recollendo solicitudes.

Pola nosa banda procuramos a través da representación dun membro da ANPA no consello escolar, de solicitar necesidades, propoñer dinámicas e colaboracións e aportar ideas que sempre son escoitadas por parte do equipo directivo. Neste curso procuraremos a directiva da ANPA ter xuntanzas co equipo que axuden a manter e favorecer a colaboración e participación das familias no centro en beneficio sempre das nosas fillas e fillos e sempre procurando colaboración como ANPA para axudar ao centro en propostas educativas que se precisen de materiais concretos, axudas,...

**A presente PXA foi avaliada, tanto en sesión de Claustro como de Consello escolar, o 17 e 18 de outubro de 2023 respectivamente, sendo aprobada o 18 de outubro 2023 pola dirección do CEIP Rosalía de Castro, Padrón**

*O director:*

*Octavio Sánchez M.*